

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10143 *Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Desde a súa entrada en vigor, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, foi obxecto de varias modificacións, ben que a que agora se realiza é a de maior relevancia, pois afecta diversas partes do texto legal que encontran a súa xustificación en motivos de diversa índole que máis adiante se detallan. Esta reforma asegura, tanto nas materias que son obxecto de modificación como nas de nova incorporación, o mantemento do carácter codificador que da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se recoñece na súa exposición de motivos.

Esta norma segue o principio de adaptación continua da norma tributaria á evolución da sociedade e, moi particularmente, aos mecanismos que, de diversa índole, conforman as relacións xurídicas e económicas entre os cidadáns, relacións sobre as cales gravita, en última instancia, a obrigaón tributaria, adaptación que, con todo, trata de respectar en todo momento un principio de estabilidade da normativa que fortaleza a seguridade xurídica en beneficio dos operadores xurídicos que aplican o sistema tributario: os obrigados tributarios, os colaboradores sociais e a propia Administración tributaria.

Nese sentido, a presente lei segue as pautas marcadas pola Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e a máis recente Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

As necesidades que tratan de ser cubertas co presente texto son de diversa índole. Integran modificacións exclusivamente técnicas respecto de preceptos xa incorporados na vixente Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e incorporan novas figuras substantivas e procedementais para cubrir baleiros legais actualmente existentes ou adaptar a norma para superar situacións de controversia interpretativa, administrativas e xurisdicionais, postas de manifesto durante estes anos.

Os obxectivos esenciais que perseguen as modificacións son os seguintes:

O reforzamento da seguridade xurídica tanto dos obrigados tributarios como da Administración tributaria e a redución da litixiosidade nesta materia, para o cal é fundamental lograr unha regulación máis precisa, clara e sistemática de todos aqueles procedementos a través dos cales se aplica e xestiona o sistema tributario.

Previr a fraude fiscal, incentivando o cumprimento voluntario das obrigaóns tributarias.

Incrementar a eficacia da actuación administrativa na aplicación dos tributos, logrando un mellor aproveitamento dos recursos á disposición da Administración.

Estes obxectivos poden sintetizarse nun só: mellorar, adaptar e completar a regulación do sistema tributario español para o facer máis xusto e eficaz.

De forma pormenorizada, as medidas adoptadas a través do presente texto son as seguintes:

II

Exponse na norma a facultade dos órganos da Administración tributaria que teñan atribuída a iniciativa para a elaboración de disposicións na orde tributaria para ditar disposicións interpretativas con carácter vinculante na aplicación dos tributos, facultade xa contida implicitamente na función que a normativa vixente lles atribúe e que agora simplemente é obxecto de reflexo expreso na lei.

A figura do conflito na aplicación da norma configurouse na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como unha evolución da anterior fraude de lei e cunha configuración distinta desta última, e constituíuse como un instrumento para a loita contra os mecanismos máis sofisticados de fraude fiscal, materializado de ordinario, como a práctica demostra, na utilización de figuras negociais susceptibles de seren cualificadas como abusivas.

Unha vez transcorridos dez anos desde a entrada en vigor da lei, a experiencia atesourada sobre o dito instituto aconsella a modificación do seu réxime xurídico no sentido de permitir a súa sancionabilidade, e iso cun dobre fin.

Por un lado, adecuar o dito réxime á doutrina xurisprudencial, que non exclúe a vontade defraudatoria na dita figura, conclusión que é, así mesmo, apoiada por un amplo sector da doutrina científica e constitúe a situación habitual en dereito comparado, compatibilizando a norma a salvagarda do principio de tipicidade no dereito sancionador, concretada no título IV da lei, coa flexibilidade necesaria nunha cláusula antiabuso de carácter xeral.

Para tal efecto, configúrase un novo tipo infractor na lei, en que se integran os posibles resultados materiais da conduta do obrigado así como a desatención por parte del dos criterios administrativos preexistentes que terían determinado o carácter abusivo de actos ou negocios substantivamente iguais.

Por outro lado, facilitar o exacto cumprimento do mandato do artigo 31 da Constitución, que consagra o deber xeral de contribuír, mediante a persecución daqueles dispositivos complexos orientados á defraudación tributaria.

A partir da entrada en vigor do Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións en alfándega e a figura do representante alfandegueiro, todo representante alfandegueiro, non só os axentes e comisionistas de alfándegas, pode actuar como tal ante a alfándega na modalidade de representación directa, o que motiva que se amplíe a posibilidade de incorrer en responsabilidade subsidiaria a todos eles.

A reforma incorpora unha aclaración de carácter transcendente, explicitando no texto positivo a interpretación do conxunto normativo que regula o dereito a comprobar e investigar por parte da Administración, enfatizando a distinción conceptual que existe entre este dereito e o dereito a liquidar, coa finalidade de superar os problemas interpretativos que esta materia suscitou, focalizados tradicionalmente no ámbito da comprobación da corrección de determinados créditos fiscais e na legalidade da súa compensación, dedución ou aplicación.

A lei aclara, para tal efecto, que a prescrición do dereito a liquidar non transcende, en ningún dos seus aspectos, o dereito a comprobar e investigar, dereito que só terá as limitacións recollidas na lei nos supostos en que expresamente se sinalan no propio texto legal, especificamente o temporal máximo establecido para o inicio de comprobacións de cuxo obxecto formen parte determinados créditos fiscais, ou as que, evidentemente, se poidan establecer na lei propia de cada tributo.

Resulta fundamental, de novo para evitar dúbidas interpretativas, o recoñecemento explícito que se realiza respecto das facultades de cualificación que, atribuídas á Administración en relación con feitos, actos, actividades, explotacións e negocios que, acontecidos, realizados, desenvolvidos ou formalizados en períodos tributarios respecto

dos cales se producise a prescrición do dereito a liquidar, tivesen que producir efectos fiscais en exercicios ou períodos en que a dita prescrición non se producise.

Con estas modificacións posibilitábase non só garantir o dereito da Administración a realizar comprobacións e investigacións, senón que tamén se asegura o do obrigado tributario a beneficiarse dos créditos fiscais citados máis arriba, así como o correcto exercicio doutros dereitos, como por exemplo, o de rectificación das súas autoliquidacións cando na comprobación da procedencia da rectificación a Administración deba verificar aspectos vinculados a exercicios respecto dos cales se produciu a prescrición do dereito a liquidar.

Introdúcese unha modificación no ámbito das obrigacións tributarias formais, para especificar, en relación cos libros de rexistro, a posibilidade de que mediante norma regulamentaria se regule a obrigación da súa xestión a través de medios telemáticos.

Nos tributos de cobramento periódico por recibo, con posterioridade á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, non requiren a presentación de declaración nin autoliquidación, polo que o comezo do cómputo do prazo de prescrición se sitúa no momento da devindicación do dito tributo, xa que é a partir dese momento cando a Administración xestora pode realizar as actuacións dirixidas en última instancia á liquidación do tributo. Refléctese esta especialidade na lei.

A existencia de obrigacións tributarias conexas presenta importantes problemas en materia de prescrición non resoltos actualmente na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Así, cando a Administración tributaria regulariza unha obrigación tributaria relacionada con outra do mesmo obrigado tributario, se a Administración, de oficio ou en virtude dunha solicitude de rectificación de autoliquidación presentada polo obrigado tributario, pretende modificar a obrigación tributaria conexas aplicando os criterios en que se fundamentou a regularización da primeira obrigación, é posible que non o poida facer por encontrarse a débeda xa prescrita, dando lugar a situacións en que os obrigados tributarios e o acredor público poden resultar gravemente prexudicados.

Así, poden darse supostos de dobre imposición en prexuízo do obrigado tributario. Pero tamén poden producirse situacións de nula tributación en detrimento dos intereses do erario público.

Para dar solución aos problemas expostos, régulase o réxime de interrupción da prescrición de obrigacións tributarias conexas de titularidade do mesmo obrigado.

Como complemento, régulase a canle procedemental a través da cal a Administración exercerá o seu dereito a liquidar, interrompido conforme o anteriormente exposto, posibilitábase a compensación de oficio de posibles cantidades para ingresar e para devolver resultantes, e garántese o reintegro daquelas devolucións que estean vinculadas a liquidacións que están sendo obxecto de recurso ou reclamación polo mesmo obrigado tributario.

Efectúase unha corrección técnica no artigo 69.1 e outra no 82.1 como consecuencia da reenumeración dos distintos puntos dos artigos 68 e 81, respectivamente, pola disposición derradeira primeira do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Afóndase no recoñecemento do labor desempeñado polos profesionais da asesoría fiscal mediante a incorporación dunha referencia á necesidade de instrumentar novas liñas de colaboración para fomentar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias.

En relación coa cesión de datos por parte da Administración tributaria, permítese a publicación de información cando esta derive da normativa da Unión Europea.

Pola súa vez, é necesario un reforzamento dos mecanismos da Facenda pública de fomento do deber xeral de contribuír do artigo 31 da Constitución e de loita contra a fraude fiscal, non só mediante medidas dirixidas directa e exclusivamente á súa simple represión. Non cabe esquecer que a Constitución española dispón no seu preámbulo a vontade da nación de establecer unha sociedade democrática avanzada. O principio de transparencia e publicidade forma parte dos principios que deben rexer a actuación de todos os poderes públicos para facer efectivo ese obxectivo.

Neste sentido, a medida consistente na publicación de listaxes de debedores, que se incorpora na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, hai que enmarcala na orientación da loita contra a fraude fiscal a través do fomento de todo tipo de instrumentos preventivos e educativos que coadxuven no cumprimento voluntario dos deberes tributarios, na promoción do desenvolvemento dunha auténtica conciencia cívica tributaria, así como na publicidade activa derivada da transparencia na actividade pública en relación coa información cuxo coñecemento resulte relevante.

A medida é totalmente respectuosa coa reserva de datos tributarios e, por tanto, cos principios en que esta se fundamenta. Non se debe esquecer a influencia que nesta materia ten o de protección do dereito á intimidade e a necesidade de potenciar o de eficacia do sistema tributario, todos eles conxugados na medida en que só serán obxecto de publicidade aquelas condutas tributarias socialmente reprobables desde unha óptica cuantitativa relevante. O lexislador permitirá só a difusión daquelas condutas que xeran un maior prexuízo económico para a Facenda pública, que derivan da falta de pagamento nos prazos orixinarios de ingreso en período voluntario establecidos na lei en atención á distinta tipoloxía das débedas.

En definitiva, ben que os principios de transparencia e publicidade poden colisionar en ocasións con outros dereitos constitucionalmente protexidos, como son os de intimidade e protección de datos, deben ponderarse adecuadamente os distintos intereses que se pretenden salvagardar, e isto tendo en conta, especialmente, os principios de proporcionalidade, exactitude e conservación dos datos contidos no artigo 4.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así se fai tamén noutros países da nosa contorna onde se recollen distintos supostos de excepción ao principio xeral de confidencialidade dos datos tributarios, como Alemaña ou Finlandia.

Na busca do equilibrio entre os dereitos que se integran na norma, o do corpo social a exixir o cumprimento das obrigacións tributarias e o dos obrigados tributarios en canto á preservación da súa intimidade, introdúcese regras taxadas para formar as listaxes que se deberán facer públicas.

Así se fixo noutros ámbitos, introducindo este principio de publicidade en distintos sectores dos cales se predica unha especial protección. Así sucede no sector financeiro, en materia de prevención de riscos laborais e recentemente respecto das sancións dos altos cargos, ámbitos todos eles onde se observou a eficacia deste tipo de medidas en relación coa finalidade perseguida. Tendo en conta a novidade que supón o texto neste punto, e a transcendencia das consecuencias que del derivan, a norma opta por establecer o acceso, directo, á xurisdición contencioso-administrativa por parte dos interesados que consideren a publicación non axustada a dereito.

Esta regulación complétase coa contida na Lei orgánica XX/XX, de xx, que regula o acceso á información contida en sentenzas ditadas en materia de fraude fiscal, pois resultaría incoherente que se publicase a identidade daqueles que deixaron de aboar as súas obrigacións tributarias e, porén, quedase oculta precisamente a dos grandes defraudadores, condenados en sentenza firme por delitos desta natureza.

Por outro lado, precísase cal é o valor probatorio das facturas no sentido establecido na doutrina do Tribunal Económico-Administrativo Central, é dicir, negando que as facturas sexan un medio de proba privilexiado respecto da realidade das operacións.

Tendo en conta a doutrina do Tribunal Económico-Administrativo Central segundo a cal as liquidacións do IVE só se poden referir, segundo o caso, a períodos mensuais ou trimestrais de liquidación, permítese distribuír linealmente entre os ditos períodos as cotas do imposto descubertas pola Administración en cómputo anual, cando o obrigado tributario non xustifique que as cotas corresponden a outro período de acordo coa normativa do imposto.

Sínálase expresamente a imposibilidade de que os contribuíntes que ao inicio do procedemento de comprobación ou investigación xa tivesen aplicado ou compensado as cantidades que tivesen pendentes, mediante unha declaración complementaria, deixen sen efecto a compensación ou a aplicación realizadas noutro exercicio e soliciten a

compensación ou aplicación desas cantidades no exercicio comprobado, o cal podería alterar a cualificación da infracción eventualmente cometida.

Suspéndese o prazo para iniciar ou terminar o procedemento sancionador cando se solicite taxación pericial contradictoria, dado que a regulación actual podería derivar na imposibilidade de impoñer unha sanción cando contra a liquidación se promove a dita taxación.

Tamén podería suceder que a sanción fose imposta xa no momento en que se solicite a taxación pericial contradictoria. Nese caso, é necesario poder adaptar a sanción á liquidación resultante tras a taxación sen que para iso sexa necesario acudir a un procedemento de revogación.

Modifícase o réxime xurídico da comprobación limitada co obxecto de facilitar a protección dos dereitos do obrigado tributario ao permitirle que, voluntariamente e sen requirimento previo, poida achegar no curso dun procedemento de comprobación limitada a súa contabilidade mercantil para a simple constatación de determinados datos de que dispón a Administración, sen que tal achega voluntaria teña efectos preclusivos.

Unha vez constatada a existencia de numerosas incidencias na interpretación da regulación dos prazos das actuacións inspectoras, faise precisa unha nova regulación que, sen menoscabar os dereitos e as garantías dos obrigados tributarios, permita reducir a conflictividade nesta materia.

Varios son os obxectivos perseguidos coa nova regulación dos prazos do procedemento inspector:

- a) Simplificar de maneira importante a normativa vixente, ao eliminarse un amplo e complexo sistema de supostos de interrupcións xustificadas, dilacións non imputables á Administración, e de ampliación do prazo. Así mesmo, suprímese o suposto de interrupción inustificada durante máis de seis meses.
- b) Unha maior seguridade xurídica en canto ao cómputo dos prazos do procedemento inspector, incorporando novas obrigacións para informar o obrigado tributario das vicisitudes do dito prazo (duración e, de ser o caso, suspensión e extensión deste), de forma que o obrigado poida coñecer claramente cal é a data límite do procedemento.
- c) Reducir significativamente a conflictividade tributaria.

É dicir, a modificación da regulación do prazo do procedemento inspector permitirá que as actuacións inspectoras teñan unha data máis previsible de finalización, coñecida polo obrigado tributario, sen mingua de ningún dereito deste, contribuindo, pola súa vez, ao bo fin das liquidacións tributarias e á defensa dos intereses xerais.

A reforma implica un incremento do prazo do procedemento de inspección e, como contrapartida, durante a tramitación vanse producir determinadas vicisitudes que non van alongar o prazo de que a Administración tributaria dispón para finalizar o procedemento, como os aprazamentos solicitados polo obrigado tributario para cumprir trámites ou o período de espera de datos solicitados a outras administracións. Porén, poderanse descontar determinados períodos de suspensión definidos de forma obxectiva na lei en supostos que impiden a continuación do procedemento, e poderase estender a duración do procedemento polos días de cortesía en que o obrigado solicita que non se leven a cabo actuacións con el ou cando o obrigado tributario achegue de forma tardía documentación que lle foi requirida previamente ou achegue documentación unha vez apreciada a necesidade de aplicar o método de estimación indirecta.

As consecuencias da superación do prazo do procedemento inspector serán as actualmente previstas.

Por outra parte, a regulación do método de estimación indirecta mostrouse insuficiente nalgúns aspectos. Estes defectos e insuficiencias foron en parte corrixidos pola xurisprudencia. Con todo, os pronunciamentos dos tribunais resultan dispersos e heteroxéneos, o que implica certa inseguridade xurídica na aplicación deste réxime.

Por iso, acláranse e precísanse determinados aspectos desta materia; así, sinálanse as fontes das cales poden proceder os datos que se utilicen na estimación indirecta: dos signos, índices e módulos se o obrigado puido ter aplicado o método de estimación

obxectiva, da propia empresa, de estudos estatísticos ou dunha mostra efectuada pola Inspección.

Precísase que a estimación indirecta pode aplicarse só ás vendas e ingresos, ou só ás compras e gastos, ou a ambos asemade, atendendo aos datos ocultados ou inexistentes.

En relación coas cotas soportadas do imposto sobre o valor engadido, admítase a súa deducibilidade neste sistema aínda que non se dispoña das facturas ou documentos que, con carácter xeral, exige a normativa do imposto, sempre e cando a Administración obteña datos ou indicios que demostren que o obrigado tributario soportou efectivamente o imposto correspondente.

Dado que a estimación de bases e cotas se fai de forma anual, en tributos como o IVE, con períodos de liquidación inferiores ao ano, a cota anual estimada repartirase linealmente entre os períodos de liquidación correspondentes, salvo que o obrigado xustifique que procede unha repartición temporal diferente.

En relación co ámbito sancionador, para evitar que dous puntos distintos dun mesmo precepto establezan dúas sancións alternativas para unha mesma infracción, en concreto, para as infraccións consistentes na presentación de documentos alfandegueiros de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos, cando non determinen o nacemento dunha débeda alfandegueira, resulta necesario introducir modificacións no título correspondente, que tamén se ve alterado como consecuencia da nova regulación do prazo do procedemento inspector, xa que poden darse supostos de extensión do dito prazo unha vez iniciado o procedemento sancionador, polo que resulta preciso trasladar a este último a eventual extensión do primeiro.

Por outra parte, adáptase a cualificación de suxeito infractor no ámbito dos grupos que tributan no réxime de consolidación fiscal como consecuencia da nova configuración do dito réxime realizada a través da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

En relación cos libros de rexistro, tipifícase a infracción consistente en incorrer en atraso na obrigación da súa xestión e subministración a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

III

A modificación do bloque normativo regulador das reclamacións económico-administrativas persegue dous obxectivos básicos:

- A axilización da actuación dos tribunais e
- A redución da litixiosidade.

Para lograr tales obxectivos, a reforma promove unha maior e mellor utilización de medios electrónicos en todas as fases do procedemento, axiliza os procedementos e anticipa o sistema de establecemento da doutrina dos tribunais e mellora tecnicamente a normativa vixente, completando lagoas e clarificando algúns aspectos que a práctica puxo de manifesto como dubidosos e, en canto tales, xeradores de conflitos xurídicos.

Neste sentido, atribúeselle ao Tribunal Económico-Administrativo Central a competencia para coñecer das reclamacións respecto de actuacións entre particulares, cando o domicilio fiscal do reclamante estea fóra de España.

Amplíase o sistema de unificación de doutrina, potenciando a seguridade xurídica, ao atribuírse ao Tribunal Económico-Administrativo Central a competencia para ditar resolucións en unificación de criterio e aos tribunais económico-administrativos rexionais a posibilidade de ditar resolucións de fixación de criterio respecto das salas desconcentradas.

En materia de acumulación, simplifícanse as regras de acumulación obrigatoria e introdúcese a acumulación facultativa.

Por outra parte, establécese unha presunción de representación voluntaria a favor daqueles que a tiveron no procedemento de aplicación dos tributos de que derive o acto impugnado, o que, sen dúbida, supón a eliminación de custos indirectos aos obrigados tributarios.

Introdúcese a notificación electrónica para as reclamacións que se interpoñan obrigatoriamente por esta vía.

Realízase unha aclaración en materia de custas no caso de inadmisión; precísase o ámbito subxectivo da condena en custas e vincúlase esta a cada instancia, supeditando a ditada en primeira instancia á súa posterior confirmación.

Suprímese a regra especial de cómputo de prazo para recorrer en caso de silencio, de acordo coa recente xurisprudencia do Tribunal Supremo e coa doutrina do Tribunal Económico-Administrativo Central. Para salvagardar o lexítimo dereito de defensa dos obrigados tributarios, se posteriormente á interposición da reclamación económico-administrativa se dita resolución expresa, notificarase concedendo prazo de alegacións ante os tribunais económico-administrativos, considerándoa impugnada, sen prexuízo de que a satisfacción extraprocesual debe ser declarada polo órgano económico-administrativo que a estivese coñecendo.

Incorpórase a referencia ao expediente electrónico, a obrigabilidade da interposición electrónica en caso de que o acto impugnando sexa de notificación obrigatoria por esta vía e avógase pola utilización de maneira extensiva de tales medios electrónicos.

Determinase de forma expresa en norma con rango de lei o prazo de que dispón a Administración para executar a resolución ditada polo Tribunal Económico-Administrativo en supostos distintos da retroacción, é dicir, en supostos en que se resolva por razóns substantivas ou de fondo.

Complétase a regulación en materia de reclamacións entre particulares co recoñecemento expreso da eficacia das resolucións que se diten ante a Administración tributaria encargada da aplicación dos tributos.

Establécese a posibilidade de suspensión da resolución económico-administrativa en caso de presentación de recursos de alzada ordinarios polos directores xerais se se dan determinadas circunstancias.

Introdúcense melloras en materia de recurso de anulación e regúlanse expresamente aqueles supostos contra os cales non procede o dito recurso.

Créase un novo recurso, o de execución, chamado até agora incidente de execución, contra actos ditados como consecuencia dunha resolución estimatoria do tribunal, clarificando o ámbito de aplicación obxectivo, simplificando o procedemento e establecendo o carácter urxente na súa tramitación.

Redúcese a seis meses o prazo de resolución do recurso extraordinario de revisión.

Por último, substitúese o procedemento ante os órganos unipersoais polo procedemento abreviado para as reclamacións de menor contía, en que o tribunal poderá actuar de forma unipersoal.

IV

Como consecuencia da reforma da regulación do delito contra a Facenda pública levada a cabo pola Lei orgánica 7/2012, do 27 de decembro, cómpre facer determinadas modificacións na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para establecer un procedemento administrativo que permita practicar liquidacións tributarias e efectuar o seu cobramento mesmo nos supostos en que se inicie a tramitación dun procedemento penal, ao ser este un dos cambios máis significativos operados na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

A transcendencia da modificación orgánica referida xustifica en por si a incorporación na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dun novo título VI especificamente dedicado ás actuacións que se deberán desenvolver nestes supostos, xa que a liña directriz do lexislador orgánico quedou patente: a regra xeral será a práctica de liquidación e o desenvolvemento das actuacións recadatorias da débeda tributaria cuantificada a través dela, sen prexuízo de que, en determinados casos explicitados na norma tributaria, o lexislado optase, en estrita suxeición ao carácter potestativo fixado na norma penal neste punto, pola paralización das actuacións, sen practicar liquidación, mentres non exista un pronunciamento en sede xurisdiccional.

Esta modificación permitirá superar, na maioría dos supostos, a situación até agora existente, segundo a cal a obrigada paralización das actuacións administrativas de liquidación da débeda tributaria provocaba, entre outros efectos, a conversión da débeda tributaria nunha figura de natureza distinta, a responsabilidade civil derivada do delito, como fórmula de resarcimento á Facenda pública do dano xerado.

Ademais desa consecuencia, a nova estrutura da norma permitirá superar tamén o diferente e inxustificado trato de favor que a regulación preexistente dispensaba a quen se constituía en presunto autor dun delito contra a Facenda pública fronte a quen se configuraba como mero infractor administrativo, en relación coa obrigación que atinxía a este último fronte ao primeiro de pagar ou garantir a suspensión da executividade do acto administrativo.

A nova normativa tributaria integra, por tanto, regras que resollen as situacións singulares derivadas da coexistencia das actuacións administrativas de liquidación e cobramento co axuízamento penal da defraudación.

Na actual configuración do delito contra a Facenda pública incorporouse en norma positiva o concepto de regularización, definida esta como o completo recoñecemento e pagamento da débeda tributaria, configurándose como o verdadeiro reverso do delito, facendo posible o pleno retorno á legalidade e pondo fin á lesión provisional do ben xurídico protexido producida pola defraudación. Para tal efecto, a lei lembra que elementos integran a débeda tributaria, segundo o disposto no artigo 58 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, confirmando a potestade da Administración tributaria de realizar as comprobacións que se consideren precisas para determinar a existencia, de ser o caso, do completo recoñecemento e pagamento da débeda que exige a dita regularización.

A falta de certeza en canto á existencia da dita regularización determinará o pase do tanto de culpa á xurisdición competente ou a remisión do expediente ao Ministerio Fiscal.

A outra consecuencia será, con carácter xeral, como se indicou máis arriba, a práctica dunha liquidación administrativa, para cuxo efecto se regula un procedemento específico que, mantendo a estrutura do procedemento de inspección actualmente regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en canto ao seu inicio e tramitación, incorpora significativas modificacións na súa fase de terminación respecto da liquidación vinculada ao delito, sendo precisa, para ditar a dita liquidación, a autorización previa do órgano competente para interpor a denuncia ou querela.

A seguir, prevese a posibilidade do retorno do expediente a sede administrativa no caso de inadmisión da denuncia ou querela citadas máis arriba, retomando a Administración de forma plena as súas actuacións, para cuxo efecto se establecen os correspondentes prazos.

No seo da comprobación administrativa e unha vez concretada a existencia dun presunto delito contra a Facenda pública pode ocorrer que, respecto dunha mesma obrigación tributaria, concepto e período, existan elementos integrantes dela en relación cos cales se poida predicar a existencia de defraudación delituosa e outros que non se vexan afectados por esta. Para ese suposto régúlase un mecanismo de división, que separa en dúas liquidacións distintas os elementos afectados por unha e outra condición, tal e como predica a norma penal. Cunha clara vocación garantista para o obrigado tributario, inspirada na aplicación do principio de mínima intervención da norma penal, fíxase unha regra xeral segundo a cal todas as partidas para compensar ou deducir en base ou en cota a favor deste se imputarán á liquidación vinculada ao delito, e ao obrigado, con todo, daráselle a posibilidade de optar por un sistema de distribución proporcional de tales partidas.

Desde o punto de vista da tramitación destes expedientes vinculados á comisión dun delito contra a Facenda pública, debe partirse da premisa consistente en que as normas poden acotar un réxime xurídico diferente para as distintas débedas de dereito público en función da súa particular natureza. Dentro do ámbito tributario, resulta necesario establecer normas substantivas específicas para as débedas tributarias derivadas da forma máis grave de defraudación tributaria, como é o delito contra a Facenda pública que, pola súa singularidade, teñen tamén un tratamento procedemental diferente que se inicia no ámbito administrativo e conclúe no xudicial. Ese réxime xurídico propio –que fundamentalmente exclúe a extinción total ou parcial da débeda pola concorrencia de defectos ou dilacións no

procedemento administrativo de comprobación– é, ademais, coherente coas pautas comúns dunha correcta represión dos comportamentos delituosos que non se compadece co feito de que estes poidan quedar impunes por meras cuestións relacionadas con irregularidades na tramitación estritamente administrativa do expediente de comprobación que non afectan nin cuestionan a existencia ou a contía da defraudación de natureza delituosa. A necesaria aplicación desas normas substantivas específicas exige que as liquidacións vinculadas a delitos contra a Facenda pública se suxeiten a unha tramitación singular na cal, por coherencia co réxime substantivo aplicable, non serán obxecto de análise aquelas cuestións que non garden relación coa extinción total ou parcial da obriga tributaria como son, nesta clase de débedas, as dilacións ou defectos procedementais. Neste sentido, a imposibilidade de tratamento das ditas irregularidades axústase aos reiterados pronunciamentos da xurisdición penal emitidos ao abeiro da normativa preexistente e evita o tratamento de cuestións procedementais administrativas previas que non teñen incidencia no axuizamento dun feito de natureza delituosa.

É conveniente reiterar que son dúas as autoridades do Estado que interveñen ante unha defraudación tributaria de natureza delituosa, a administrativa e a xudicial, e cada unha delas actúa no ámbito que lle é propio.

Unha vez sinalado o anterior, é importante significar a preferencia da orde penal en dous aspectos: por unha parte, corresponde ao xuíz penal a posibilidade de suspender as actuacións administrativas de cobramento, permitindo, dese modo, o acceso a unha xustiza cautelara fronte á executividade da liquidación tributaria; por outra, a preferencia da orde penal queda respectada co obrigado axuste final da liquidación tributaria aos feitos que o xuíz penal declare probados cando xulgue e se pronuncie, para os efectos da imposición dunha pena, sobre a existencia e a contía da defraudación. Cando o pronunciamento xudicial exclúa a existencia de delito contra a Facenda pública e sexa factible, con todo, a liquidación administrativa, a tutela xudicial desenvolverase na forma prevista para calquera outra liquidación tributaria non vinculada a un delito contra a Facenda pública, na mesma forma en que vén ocorrendo na actualidade.

Como máis arriba se apuntou, a modificación penal determinou que, ademais de practicar a liquidación correspondente, a Administración tributaria poida materializar as actuacións de cobramento da débeda tributaria liquidada mediante a aplicación dos mecanismos recadatorios regulados na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

Como consecuencia do anterior, establécese unha norma específica no que ao prazo de ingreso da débeda tributaria liquidada se refire, cuxa apertura será posterior á admisión da denuncia ou querela. Neste caso recóllese a posibilidade de revisión das actuacións recadatorias mediante os procedementos administrativos tributarios ordinarios polas causas taxadas na lei.

No marco desta reforma existe un ámbito que non pode ser omitido neste momento: o dos responsables tributarios.

A modificación orgánica xa referida máis arriba trata de eliminar situacións de privilexio e situar o presunto delincuente na mesma posición de calquera outro debedor tributario. En coherencia coa dita finalidade cómpre establecer un novo suposto de responsabilidade tributaria baseado na condición de causante ou colaborador na defraudación, cualificada, ademais, pola necesidade da condición de imputado no proceso penal.

A declaración de responsabilidade nestes supostos posibilitará a actuación da Administración tributaria en prol do cobramento da débeda tributaria, liquidada en orixe ao obrigado tributario suxeito pasivo, en sede de responsable, levando aos seus últimos efectos o mandato da modificación penal en canto á recadación da débeda tributaria liquidada vinculada ao presunto delito.

Por último, a modificación integra determinadas especialidades, que deben ser tidas en conta no ámbito da liquidación da débeda alfanegueira directamente derivadas da lexislación comunitaria.

A modificación que se incorpora fai necesaria a introdución dunha serie de cambios noutros artigos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. En concreto, por un

lado, na medida en que as actuacións administrativas que se desenvolverán en aplicación do novo título VI forman parte da aplicación dos tributos, os órganos que as levan a cabo forman parte da Administración tributaria. Pola súa vez, as normas xerais de representación serán de aplicación no desenvolvemento das ditas actuacións.

Por outro lado, vense modificados os preceptos que regulan a adopción de medidas cautelares, así como a listaxe das denominadas liquidacións provisionais, en ambos os casos como consecuencia das novas liquidacións que agora se regulan na norma, inexistentes até agora.

Igualmente, faise precisa a adaptación do precepto que establece a non devolución das cantidades pagadas polas cales se regulariza voluntariamente a situación tributaria e que, en virtude da nova regulación do delito contra a Facenda pública, determinan o pleno retorno á legalidade.

V

Debido á especial incidencia que no ámbito da fiscalidade ten o dereito da Unión Europea, así como as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, procédese á introdución de mecanismos e preceptos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para incrementar o grao de integración legal e efectividade do dereito da Unión Europea.

En relación coa lexitimación dos órganos económico-administrativos para promover cuestións pre-xudiciais ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, tal e como este admitiu, como mera manifestación da primacía e do efecto directo do dereito da Unión Europea, establécense normas de procedemento dirixidas a regular tal actividade, e establécense, ademais, que a interposición de tales cuestións pre-xudiciais suspenderá o procedemento económico-administrativo, así como o cómputo do prazo de prescrición.

Por outra parte, introdúcese un novo título na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a través do cal esta se adapta á normativa comunitaria en materia de axudas de estado ilegais e incompatibles.

As decisións da Comisión Europea que exigen a recuperación de axudas de estado son obrigatorias en todos os seus termos para os seus destinatarios, os Estados membros, que deberán lograr restablecer a situación existente con anterioridade ao disfrute da axuda sen dilación e consonte os procedementos do dereito interno do Estado membro destinatario.

No caso español, a normativa interna non prevé ningún procedemento para a recuperación de axudas de Estado no ámbito tributario, carencia que o presente texto vén solucionar. Para isto, e como unha manifestación adicional do carácter codificador da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, introdúcese nela un novo título regulador dos procedementos que se deberán seguir para a execución das decisións de recuperación neste ámbito.

Na recuperación de axudas de Estado a Administración tributaria actúa como executor dunha decisión que lle vén imposta pola Comisión Europea e que debe axustarse á normativa comunitaria reguladora da materia, en particular aos principios de execución inmediata e efectiva da decisión establecidos no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 659/1999 do Consello, do 22 de marzo de 1999, polo que se establecen disposicións de aplicación do artigo 93 do Tratado.

Estes principios inspiran a regulación da execución das decisións de recuperación e xustifican as súas principais peculiaridades:

- A posibilidade de modificar actos administrativos firmes, incluso con forza de cousa xulgada, tal e como estableceu o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- A consideración das débedas tributarias resultantes como non susceptibles de aprazamento ou fraccionamento.

Incorpóranse, ademais, regras especiais de prescrición impostas por normativa comunitaria. Por tanto, non son aplicables os prazos de prescrición internos en relación coa débeda tributaria resultante exclusivamente da execución da decisión.

Créanse dous tipos de procedemento de execución de decisións de recuperación e aplícanse un ou outro en función da natureza dos elementos da obrigaón tributaria a que se refire a decisión. A aplicación dun ou doutro dependerá de se a execución da decisión inflúe ou non na cuantificación ou liquidación da débeda tributaria.

Non obstante, tamén se poderán executar as decisións de recuperación a través do procedemento de inspección ordinario cando ao obrigado tributario se lle comprobren tamén outras obrigaóns ou outros elementos da obrigaón distintos daqueles que constitúen o obxecto da decisión de recuperación.

Nos artigos 5 e 46.2 incorpóranse senllas referencias a este novo título posto que, por un lado, é competencia da Administración tributaria a execución das actuacións nel reguladas, e, por outro, as normas xerais de representación serán de aplicación nos procedementos de recuperación.

VI

Modifícase a disposición adicional sexta relativa ao número de identificación fiscal co propósito, por un lado, de explicitar os efectos derivados da revogación en materia fiscal do número de identificación fiscal e, por outro, de estender os ditos efectos subxectivamente aos números asignados ás persoas físicas.

Así mesmo, modifícase a disposición adicional décima, relativa á exacción de responsabilidade civil por delitos contra a Facenda pública, co único propósito de adaptar a normativa tributaria ás últimas modificacións do Código penal, que ampliaron as competencias da Administración tributaria á exacción das penas de multa.

Recoñécese a existencia de normas específicas en materia alfandegueira derivadas directamente do dereito da Unión Europea, que primarán sobre o establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Pola súa especial relevancia especificanse, entre outras, as referidas ao carácter das liquidacións e aos prazos de resolución, e deben significarse, especialmente, as que atinxen a determinadas especialidades na revisión dos actos de aplicación dos tributos integrantes da débeda alfandegueira como consecuencia da distribución de competencias entre os órganos nacionais e a Comisión en materia alfandegueira.

Conforme a normativa vixente, a iniciación dos procedementos amigables a que fai referencia a disposición adicional primeira do texto refundido da lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, é compatible coa tramitación dun recurso administrativo ou contencioso-administrativo interposto sobre as mesmas cuestións sobre as cales versa o procedemento amigable.

Ante a necesidade de evitar que se simultanee este mecanismo cunha instancia estritamente revisora, e sen afectar o principio de tutela xudicial efectiva, establécese a suspensión dos procedementos revisores, tanto en vía administrativa como xudicial, que se puidesen iniciar, até que se tramite o procedemento amigable, polo que se inclúe unha nova disposición adicional na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e outra na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En cumprimento da obrigaón de adoptar medidas para exixir que as institucións financeiras apliquen de forma efectiva as normas de comunicación de información e dilixencia debida incluídas na Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, modificada pola Directiva 2014/107/UE do Consello, do 9 de decembro de 2014, polo que se refire á obrigatoriedade do intercambio automático de información no ámbito da fiscalidade e as derivadas do estándar común de comunicación de información elaborado pola OCDE aplicable en España como consecuencia da sinatura do Acordo multilateral entre autoridades competentes sobre intercambio automático de información de contas financeiras, introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo segunda, en que se regulan, entre outras medidas, dous novos tipos de infracción en relación co incumprimento da obrigaón de identificar a residencia das persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras.

Establécese a non aplicación á materia tributaria do establecido na disposición adicional única da Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23

de decembro, de arbitraje, e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado, de forma que as controversias xurídicas que se susciten entre a Administración tributaria e entes de dereito público se resolverán polos procedementos establecidos na normativa tributaria.

Como consecuencia do cambio de denominación do antigo Ministerio de Economía e Facenda, adáptanse as referencias a el que aparecen na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, á súa actual denominación.

Para evitar dúbidas sobre a entrada en vigor de determinados preceptos, establécese o réxime transitorio daqueles artigos que o precisan e, especificamente, o referido á aplicación do novo procedemento de liquidación de débedas tributarias vinculadas a delitos contra a Facenda pública, así como a aplicación dos novos supostos de responsabilidade asociados a posibles delitos.

Como complemento á regulación contida no novo título VI e en consonancia coa reforma do Código penal que permite continuar o procedemento administrativo de cobramento da débeda tributaria malia a pendencia do proceso penal, establécese na Lei de axuízamento criminal que a mera presentación ante o xuíz penal dunha solicitude de suspensión da executividade da liquidación non producirá efectos salvo acordo xudicial expreso con formalización de garantías.

En consecuencia, os órganos de recadación poderán continuar co procedemento de constrinximento até a data do auto polo cal se acorde a suspensión. Non obstante, unha vez constituída a garantía, a suspensión producirá efectos desde que se solicitou, e a lei regulará os efectos concretos do auto de concesión sobre os embargos realizados con anterioridade a este.

Modifícase a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e aclárase na dita lei que, conforme a actual regulación do dito delito no Código penal, está excluído da orde contencioso-administrativa o coñecemento das pretensións que os obrigados tributarios poidan formular ao abeiro da actuación administrativa.

Modifícanse e incorpóranse determinados preceptos na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, que, conforme a disposición derradeira segunda da propia lei, teñen rango de lei ordinaria. Na mesma senda aberta polo Código penal e materializada no novo título VI da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as modificacións no ámbito do contrabando van permitir, con carácter xeral, a liquidación e recadación das débedas tributarias e alfandegueiras derivadas do contrabando, de forma que, de advertir a Administración tributaria a posible existencia de delito de contrabando, as actuacións administrativas continuarán salvo, de ser o caso, o procedemento sancionador que xa se iniciase, como consecuencia da imposibilidade de concorrencia de sancións.

Como consecuencia de múltiples factores que afectan no momento presente a actividade económica ligada aos elaborados de tabaco, en especial o incremento dos seus prezos, a situación socioeconómica en determinadas partes da xeografía española e as limitacións xurídicas na regulación das franquías alfandegueiras e fiscais en relación cos réximes de viaxeiros e pequenos envíos, estase a producir un crecemento substancial das accións e omisións tipificadas como infraccións de contrabando con este tipo de xéneros.

Por outra parte, apréciase un aumento dos comportamentos dos infractores tendentes a evitar a aplicación efectiva da sanción de peche do establecemento e conséntase, ademais, unha xeneralización de condutas dos presuntos infractores que supoñen situacións de resistencia, obstrución, escusa ou negativa ante a actuación dos funcionarios encargados da investigación e da tramitación dos expedientes sancionadores.

Para prever a extensión de tales prácticas e facer fronte ao incremento deste tipo de irregularidades, cómpre revisar as sancións administrativas aplicables ás infraccións para adecualas á finalidade de toda sanción, que non é outra que a de disuadir da realización dos comportamentos antixurídicos que constitúen o seu obxecto.

Dada a distribución de competencias entre os órganos nacionais e a Comisión, e considerando a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de non contracción a posteriori, condonación ou devolución da débeda alfandegueira, no mesmo sentido que a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, modifícase tamén

a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co obxecto de que o procedemento xudicial se suspenda até que a Comisión adopte a decisión da súa competencia.

En coherencia coa eliminación dos períodos de interrupción xustificada do prazo do procedemento inspector, e a súa substitución por períodos de suspensión, adáptase a terminoloxía na disposición adicional terceira da Lei 23/2005, do 18 de novembro, de reformas en materia tributaria para o impulso á produtividade, para os supostos en que a Comisión Nacional do Mercado de Valores se deba pronunciar sobre a suspensión ou revogación da autorización concedida a unha institución de investimento colectivo.

A Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, estableceu unha limitación aos pagamentos en efectivo. Trátase dunha norma de natureza financeira, aínda que a súa finalidade é, como sinala a exposición de motivos da citada lei, a loita contra a fraude fiscal.

Considérase que se debe establecer a exclusión da limitación respecto do cambio de moeda en efectivo por outra moeda en efectivo, que realicen establecementos de cambio de moeda, e a dita exclusión esténdese tamén ás entidades de pagamento reguladas na Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, en ambos os casos supervisados polo Banco de España e suxeitos á normativa de branqueo de capitais.

Así mesmo, prodúcese unha modificación no réxime xurídico das notificacións no seo dos procedementos sancionadores que se deben seguir no caso de infracción da limitación de pagamentos en efectivo regulada na mesma lei, co fin de axilizar as notificacións e harmonizar o seu réxime co que, con carácter xeral, segue a Axencia Estatal de Administración Tributaria nos procedementos tributarios.

A disposición derradeira sexta recolle unha serie de modificacións da normativa reguladora do imposto sobre sociedades, entre as cales cabe destacar a modificación daqueles puntos que establecen uns prazos específicos de comprobación de créditos fiscais, xa sexan bases impositivas negativas, deducións por dobre imposición ou incentivos fiscais, co obxecto de adecuar a súa redacción á contida na Lei xeral tributaria, evitando dúbidas interpretativas en relación coa realización das actuacións de comprobación que desenvolven os órganos da Administración tributaria.

En consonancia, introdúcese as modificacións necesarias na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, co obxecto de adaptar o tratamento fiscal das cotas negativas ao previsto para as bases impositivas negativas na Lei 27/2014.

Establécese a necesidade de aprobar, mediante orde ministerial, o modelo para levar a cabo a regularización voluntaria da débeda, determinante, de ser o caso, da desaparición do reproche penal polo delito contra a Facenda pública.

Para finalizar, o texto complétase cos preceptos dedicados ao establecemento da correspondente disposición derogatoria, dunha disposición relativa á limitación de gastos derivados da implementación do disposto na norma, ao título competencial, á habilitación ao Goberno para ditar disposicións de desenvolvemento e á entrada en vigor.

Artigo único. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Introdúcese as seguintes modificacións na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Para os efectos desta lei, a Administración tributaria estará integrada polos órganos e entidades de dereito público que desenvolven as funcións reguladas nos seus títulos III, IV, V, VI e VII.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«3. No ámbito das competencias do Estado, a facultade de ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das leis e demais normas en materia tributaria

corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e aos órganos da Administración tributaria a que se refire o artigo 88.5 desta lei.

As disposicións interpretativas ou aclaratorias ditadas polo ministro serán de obrigado cumprimento para todos os órganos da Administración tributaria.

As disposicións interpretativas ou aclaratorias ditadas polos órganos da Administración tributaria a que se refire o artigo 88.5 desta lei terán efectos vinculantes para os órganos e entidades da Administración tributaria encargados da aplicación dos tributos.

As disposicións interpretativas ou aclaratorias previstas neste punto publicaranse no boletín oficial que corresponda.

Con carácter previo ao ditado das resolucións a que se refire este punto, e unha vez elaborado o seu texto, cando a súa natureza o aconselle, poderán ser sometidas a información pública.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Nas liquidacións que se realicen como resultado do disposto neste artigo exixirase o tributo aplicando a norma que correspondería aos actos ou negocios usuais ou propios ou eliminando as vantaxes fiscais obtidas, e liquidaranse xuros de demora.»

Catro. Modifícase o punto 3 do artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«3. En desenvolvemento do disposto neste artigo, as disposicións regulamentarias poderán regular as circunstancias relativas ao cumprimento das obrigacións tributarias formais.

En particular, determinaranse os casos en que a achega ou xestión dos libros de rexistro se deba efectuar de forma periódica e por medios telemáticos.»

Cinco. Modifícase a letra e) do punto 1 do artigo 43, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Os representantes alfandegueiros, cando actúen en nome e por conta dos seus comitentes. Non obstante, esta responsabilidade subsidiaria non alcanzará a débeda alfandegueira.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 46, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Para interpor recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigacións en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos indebidos ou reembolsos e nos restantes supostos en que sexa necesaria a sinatura do obrigado tributario nos procedementos regulados nos títulos III, IV, V, VI e VII desta lei, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado ante o órgano administrativo competente.

Para estes efectos, serán válidos os documentos normalizados de representación que aprobe a Administración tributaria para determinados procedementos.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 65, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento as seguintes débedas tributarias:

- a) Aquelas cuxa exacción se realice por medio de efectos timbrados.
- b) As correspondentes a obrigacións tributarias que deban cumprir o retedor ou o obrigado a realizar ingresos á conta, salvo nos casos e condicións previstos na normativa tributaria.

c) En caso de concurso do obrigado tributario, as que, de acordo coa lexislación concursal, teñan a consideración de créditos contra a masa.

d) As resultantes da execución de decisións de recuperación de axudas de Estado reguladas no título VII desta lei.

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento a que se refiren os distintos parágrafos deste punto serán obxecto de inadmisión.»

Oito. Introdúcese un novo artigo 66 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 66 bis. *Dereito a comprobar e investigar.*

1. A prescrición de dereitos establecida no artigo 66 desta lei non afectará o dereito da Administración para realizar comprobacións e investigacións conforme o artigo 115 desta lei, salvo o disposto no punto seguinte.

2. O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das bases ou cotas compensadas ou pendentes de compensación ou de deducións aplicadas ou pendentes de aplicación prescribirá aos dez anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo regulamentario establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao exercicio ou período impositivo en que se xerou o dereito a compensar as ditas bases ou cotas ou a aplicar as ditas deducións.

Nos procedementos de inspección de alcance xeral a que se refire o artigo 148 desta lei, respecto de obrigacións tributarias e períodos cuxo dereito a liquidar non se encuentre prescrito, entenderase incluída, en todo caso, a comprobación da totalidade das bases ou cotas pendentes de compensación ou das deducións pendentes de aplicación, cuxo dereito a comprobar non prescribise de acordo co disposto no parágrafo anterior. Noutro caso, deberase facer expresa mención á inclusión, no obxecto do procedemento, da comprobación a que se refire este punto, con indicación dos exercicios ou períodos impositivos en que se xerou o dereito a compensar as bases ou cotas ou a aplicar as deducións que van ser obxecto de comprobación.

A comprobación a que se refire este punto e, de ser o caso, a corrección ou regularización de bases ou cotas compensadas ou pendentes de compensación ou deducións aplicadas ou pendentes de aplicación respecto das cales non se producise a prescrición establecida no parágrafo primeiro, só poderá realizarse no curso de procedementos de comprobación relativos a obrigacións tributarias e períodos cuxo dereito a liquidar non se encuentre prescrito.

3. Salvo que a normativa propia de cada tributo estableza outra cousa, a limitación do dereito a comprobar a que se refire o punto anterior non afectará a obrigación de achega das liquidacións ou autoliquidacións en que se incluíron as bases, cotas ou deducións e a contabilidade con ocasión de procedementos de comprobación e investigación de exercicios non prescritos nos cales se produciron as compensacións ou aplicacións sinaladas no dito punto.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O prazo de prescrición comezará a contarse nos distintos casos a que se refire o artigo 66 desta lei conforme as seguintes regras:

No caso a), desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

Nos tributos de cobramento periódico por recibo, cando para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación non sexa necesaria a presentación de declaración ou autoliquidación, o prazo de prescrición comezará o día de devindicación do tributo.

No caso b), desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de pagamento en período voluntario, sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo.

No caso c), desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo para solicitar a correspondente devolución derivada da normativa de cada tributo ou, na falta de prazo, desde o día seguinte a aquel en que a dita devolución se puido solicitar; desde o día seguinte a aquel en que se realizou o ingreso indebido ou desde o día seguinte ao da finalización do prazo para presentar a autoliquidación se o ingreso indebido se realizou dentro do dito prazo; ou desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a sentenza ou resolución administrativa que declare total ou parcialmente improcedente o acto impugnado.

No suposto de tributos que graven unha mesma operación e que sexan incompatibles entre si, o prazo de prescripción para solicitar a devolución do ingreso indebido do tributo improcedente comezará a contarse desde a resolución do órgano especificamente previsto para dirimir cal é o tributo procedente.

No caso d), desde o día seguinte a aquel en que finalicen os prazos establecidos para efectuar as devolucions derivadas da normativa de cada tributo ou desde o día seguinte á data de notificación do acordo onde se recoñeza o dereito a percibir a devolución ou o reembolso do custo das garantías.»

Dez. Introdúcese un novo punto 9 no artigo 68, coa seguinte redacción:

«9. A interrupción do prazo de prescripción do dereito a que se refire a letra a) do artigo 66 desta lei relativa a unha obrigación tributaria determinará, así mesmo, a interrupción do prazo de prescripción dos dereitos a que se refiren as letras a) e c) do citado artigo relativas ás obrigacións tributarias conexas do propio obrigado tributario cando nestas se produza ou se teña que producir unha tributación distinta como consecuencia da aplicación, xa sexa pola Administración tributaria ou polos obrigados tributarios, dos criterios ou elementos en que se fundamente a regularización da obrigación coa cal estean relacionadas as obrigacións tributarias conexas.

Para efectos do disposto neste punto, entenderase por obrigacións tributarias conexas aquelas en que algúns dos seus elementos resulten afectados ou se determinen en función dos correspondentes a outra obrigación ou período distinto.»

Once. Modifícase o punto 1 do artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A prescripción gañada aproveita por igual todos os obrigados ao pagamento da débeda tributaria, salvo o disposto no punto 8 do artigo anterior.»

Doce. Modifícase o punto 3 do artigo 70, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A obrigación de xustificar a procedencia dos datos que teñan a súa orixe en operacións realizadas en períodos impositivos prescritos manterase durante o prazo de prescripción do dereito para determinar as débedas tributarias afectadas pola operación correspondente e, en todo caso, nos supostos a que se refire o artigo 66.bis.2 e 3 desta lei.»

Trece. Modifícase o punto 1 do artigo 73, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A Administración tributaria compensará de oficio as débedas tributarias que se encontren en período executivo.

Compensaranse de oficio durante o prazo de ingreso en período voluntario as cantidades para ingresar e para devolver que resulten dun mesmo procedemento de comprobación limitada ou inspección ou da práctica dunha nova liquidación por ter sido anulada outra anterior, de acordo co disposto no punto 5 do artigo 26 desta lei.

Así mesmo, compensaranse de oficio durante o prazo de ingreso en período voluntario as cantidades para ingresar e para devolver que resulten da execución da resolución a que se refiren os artigos 225.3 e 239.7 desta lei.»

Catorce. Modifícanse os puntos 6 e 8 do artigo 81, que quedan redactados da seguinte forma:

«6. Os efectos das medidas cautelares cesarán no prazo de seis meses desde a súa adopción, salvo nos seguintes supostos:

a) Que se convertan en embargos no procedemento de constrinximento ou en medidas do punto 8 deste artigo ou en medidas cautelares xudiciais, que terán efectos desde a data de adopción da medida cautelar.

b) Que desaparezan as circunstancias que motivaron a súa adopción.

c) Que, por solicitude do interesado, se acordase a súa substitución por outra garantía que se considere suficiente.

En todo caso, as medidas cautelares deberán ser levantadas se o obrigado tributario presenta aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución que garanta o cobramento da contía da medida cautelar. Se o obrigado procede ao pagamento en período voluntario da obrigación tributaria cuxo cumprimento aseguraba a medida cautelar, sen mediar suspensión do ingreso, a Administración tributaria deberá aboar os gastos da garantía achegada.

d) Que se amplíe o dito prazo mediante acordo motivado, sen que a ampliación poida exceder os seis meses.

e) Que se adopten durante a tramitación do procedemento descrito no artigo 253 desta lei ou tras a súa conclusión. Nestes casos, os seus efectos cesarán no prazo de vinte e catro meses desde a súa adopción.

Se se adoptasen antes do inicio da tramitación descrita no artigo 253 desta lei, unha vez ditada a liquidación a que se refire o artigo 250.2 desta lei, poderá ampliarse o prazo mediante acordo motivado, sen que a ampliación total das medidas adoptadas poida exceder os 18 meses.

As medidas a que se refire esta alínea e) poderanse converter en embargos do procedemento de constrinximento iniciado para o cobramento da liquidación practicada.

Se, con posterioridade á súa adopción, se lle solicita ao órgano xudicial penal competente a suspensión prevista no artigo 305.5 do Código penal, as medidas adoptadas notificaranse ao Ministerio Fiscal e ao citado órgano xudicial e manteranse até que este último adopte a decisión procedente sobre a súa conservación ou levantamento.»

«8. Cando con motivo dun procedemento de comprobación e investigación inspectora se formalizase denuncia ou querela por delito contra a Facenda pública ou se dirixise proceso xudicial polo dito delito sen que se ditase a liquidación a que se refire o artigo 250.2 desta lei, o órgano competente da Administración tributaria poderá adoptar as medidas cautelares reguladas neste artigo, sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo novena.

Se a investigación do presunto delito non tivese orixe nun procedemento de comprobación e investigación inspectora, as medidas cautelares poderá adoptalas o órgano competente da Administración tributaria con posterioridade á incoación das correspondentes dilixencias de investigación desenvolvidas polo Ministerio Fiscal ou, de ser o caso, con posterioridade á incoación das correspondentes dilixencias penais.

Nos supostos a que se refiren os parágrafos anteriores, as medidas cautelares poderán dirixirse contra calquera dos suxeitos identificados na denuncia ou querela como posibles responsables, directos ou subsidiarios, do pagamento das contías a que se refire o artigo 126 do Código penal.

Unha vez adoptada, de ser o caso, a medida cautelar polo órgano competente da Administración tributaria, notificarase ao interesado, ao Ministerio Fiscal e ao órgano xudicial competente e manterase até que este último adopte a decisión procedente sobre a súa conversión en medida xurisdiccional ou levantamento.»

Quince. Modifícase o punto 1 do artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Para garantir os aprazamentos ou fraccionamentos da débeda tributaria, a Administración tributaria poderá exixir que se constitúa ao seu favor aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

Cando se xustifique que non é posible obter o dito aval ou certificado ou que a súa achega compromete gravemente a viabilidade da actividade económica, a Administración poderá admitir garantías que consistan en hipoteca, peñor, fianza persoal e solidaria ou outra que se considere suficiente, na forma que se determine regulamentariamente.

Nos termos que se establezan regulamentariamente, o obrigado tributario poderá solicitar da Administración que adopte medidas cautelares en substitución das garantías previstas nos parágrafos anteriores. Nestes supostos non será de aplicación o disposto no punto 6 do artigo anterior desta lei.»

Dezaseis. Modifícase o punto 2 do artigo 92, que queda redactado da seguinte forma:

«2. En particular, a dita colaboración poderase instrumentar a través de acordos da Administración tributaria con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais e, especificamente, co obxecto de facilitar o desenvolvemento do seu labor en prol de potenciar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias, cos colexios e asociacións de profesionais da asesoría fiscal.»

Dezasete. Introdúcese unha nova letra m) no punto 1 e engádese un novo punto 4 no artigo 95, renumerándose os actuais puntos 4 e 5 como puntos 5 e 6, coa seguinte redacción:

«m) A colaboración coa Oficina de Recuperación e Xestión de Activos mediante a cesión dos datos, informes ou antecedentes necesarios para a localización dos bens embargados ou comisados nun proceso penal, logo de acreditación desta circunstancia.»

«4. O carácter reservado dos datos establecido neste artigo non impedirá a súa publicidade cando esta derive da normativa da Unión Europea.»

Dezaoito. Introdúcese un novo artigo 95 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 95 bis. *Publicidade de situacións de incumprimento relevante das obrigacións tributarias.*

1. A Administración tributaria acordará a publicación periódica de listaxes comprensivas de debedores á Facenda pública por débedas ou sancións tributarias cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que o importe total das débedas e sancións tributarias pendentes de ingreso supere o importe de 1.000.000 de euros.

b) Que as ditas débedas ou sancións tributarias non fosen pagadas transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

Para efectos do disposto neste artigo non se incluírán aquelas débedas e sancións tributarias que se encontren aprazadas ou suspendidas.

2. Nas ditas listaxes incluírase a seguinte información:

a) A identificación dos debedores conforme o seguinte detalle:

– Persoas físicas: nome apelidos e NIF.

– Persoas xurídicas e entidades do artigo 35.4 desta lei: razón ou denominación social completa e NIF.

b) O importe conxunto das débedas e sancións pendentes de pagamento tidas en conta para efectos da publicación.

3. No ámbito do Estado, a publicidade regulada neste artigo referirase exclusivamente aos tributos de titularidade estatal para os cales a aplicación dos tributos, o exercicio da potestade sancionadora e as facultades de revisión estean atribuídos en exclusiva aos órganos da Administración tributaria do Estado e non existise delegación ningunha de competencias nestes ámbitos a favor das comunidades autónomas ou entes locais.

A publicidade regulada neste artigo resultará de aplicación respecto aos tributos que integran a débeda alfandegreira.

4. A determinación da concorrencia dos requisitos exixidos para a inclusión na listaxe tomará como data de referencia o 31 de decembro do ano anterior ao do acordo de publicación, calquera que sexa a cantidade pendente de ingreso na data do dito acordo.

A proposta de inclusión na listaxe será comunicada ao debedor afectado, que poderá formular alegacións no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao de recepción da comunicación. Para estes efectos, será suficiente para entender realizada a dita comunicación a acreditación por parte da Administración tributaria de ter realizado un intento de notificación desta que conteña o texto íntegro do seu contido no domicilio fiscal do interesado.

As alegacións deberanse referir exclusivamente á existencia de erros materiais, de feito ou aritméticos en relación cos requisitos sinalados no punto 1.

Como consecuencia do trámite de alegacións, a Administración poderá acordar a rectificación da listaxe cando se acredite fidedignamente que non concorren os requisitos legais determinados no punto 1.

Esta rectificación tamén poderá ser acordada de oficio.

Unha vez practicadas as rectificacións oportunas, ditarase o acordo de publicación.

A notificación do acordo entenderase producida coa súa publicación e a da listaxe.

Mediante orde ministerial estableceranse a data de publicación, que se deberá producir, en todo caso, durante o primeiro semestre de cada ano, e os correspondentes ficheiros e rexistros.

A publicación efectuarase, en todo caso, por medios electrónicos e deberanse adoptar as medidas necesarias para impedir a indexación do seu contido a través de motores de busca na internet e as listaxes deixarán de ser accesibles unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación.

O tratamento de datos necesarios para a publicación suxeitarase ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

5. No ámbito de competencias do Estado, será competente para ditar os acordos de publicación regulados neste artigo o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

6. Na publicación da listaxe especificarase que a situación reflectida nela é a existente na data de referencia sinalada no punto 4, sen que a publicación da listaxe resulte afectada polas actuacións realizadas polo debedor con posterioridade á dita data de referencia, en prol do pagamento das débedas e sancións incluídas nel.

O disposto neste artigo non afectará, en ningún modo, o réxime de impugnación establecido nesta lei en relación coas actuacións e cos procedementos de que deriven as débedas e sancións tributarias nin tampouco as actuacións e os procedementos de aplicación dos tributos iniciados ou que se poidan iniciar con posterioridade en relación con elas.

As actuacións desenvolvidas no procedemento establecido neste artigo co fin da publicación da información nel regulada non constitúen causa de interrupción para os efectos previstos no artigo 68 desta lei.

7. O acordo de publicación da listaxe porá fin á vía administrativa.»

Dezanove. Introdúcese unha nova alínea c) no punto 4 do artigo 101, coa seguinte redacción:

«c) En todo caso, terán o carácter de provisionais as liquidacións ditadas ao abeiro do disposto no artigo 250.2 desta lei.»

Vinte. Modifícase o punto 2 do artigo 104, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Para os únicos efectos de entender cumprida a obrigaición de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente acreditar que se realizou un intento de notificación que conteña o texto íntegro da resolución.

No caso de suxeitos obrigados ou acollidos voluntariamente a recibir notificacións practicadas a través de medios electrónicos, a obrigaición de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos entenderase cumprida coa posta á disposición da notificación na sede electrónica da Administración tributaria ou no enderezo electrónico habilitado.

Os períodos de interrupción xustificada que se especifiquen regulamentariamente, as dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración tributaria e os períodos de suspensión do prazo que se produzan conforme o previsto nesta lei non se incluírán no cómputo do prazo de resolución.»

Vinte e un. Suprímese o punto 5 do artigo 106 e modifícase o seu punto 4, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Os gastos deducibles e as deducións que se practiquen, cando estean orixinados por operacións realizadas por empresarios ou profesionais, deberán xustificarse, de forma prioritaria, mediante a factura entregada polo empresario ou profesional que realizase a correspondente operación que cumpra os requisitos sinalados na normativa tributaria.

Sen prexuízo do anterior, a factura non constitúe un medio de proba privilexiado respecto da existencia das operacións polo que, unha vez que a Administración cuestiona fundamentamente a súa efectividade, corresponde ao obrigado tributario achegar probas sobre a realidade das operacións.»

Vinte e dous. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 108, coa seguinte redacción:

«5. No caso de obrigações tributarias con períodos de liquidación inferior ao ano, poderase realizar unha distribución lineal da cota anual que resulte entre os períodos de liquidación correspondentes cando a Administración tributaria non poida, con base na información existente no seu poder, atribuíla a un período de liquidación concreto conforme a normativa reguladora do tributo, e o obrigado tributario, requirido expresamente para tal efecto, non xustifique que procede unha repartición temporal diferente.»

Vinte e tres. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 115, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A Administración tributaria poderá comprobar e investigar os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións, negocios, valores e demais circunstancias determinantes da obrigaición tributaria para verificar o correcto cumprimento das normas aplicables.

Estas comprobación e investigación poderanse realizar mesmo no caso de que afecten exercicios ou períodos e conceptos tributarios respecto dos cales se producise a prescrición regulada no artigo 66.a) desta lei, sempre que tal comprobación ou investigación resulte precisa en relación coa dalgún dos dereitos a que se refire o artigo 66 desta lei que non prescribisen, salvo nos supostos a que

se refire o artigo 66 bis.2 desta lei, nos cales resultará de aplicación o límite establecido nel.

En particular, tales comprobacións e investigacións poderanse estender a feitos, actos, actividades, explotacións e negocios que, acontecidos, realizados, desenvolvidos ou formalizados en exercicios ou períodos tributarios respecto dos cales se producise a prescrición regulada no artigo 66.a) citada no parágrafo anterior, deben producir efectos fiscais en exercicios ou períodos en que a dita prescrición non se producise.

2. No desenvolvemento das funcións de comprobación e investigación a que se refire este artigo, a Administración tributaria poderá cualificar os feitos, actos, actividades, explotacións e negocios realizados polo obrigado tributario con independencia da cualificación previa que este último lles dese e do exercicio ou período en que a realizou. Resultará de aplicación, de ser o caso, o disposto nos artigos 13, 15 e 16 desta lei.

A cualificación realizada pola Administración tributaria nos procedementos de comprobación e investigación en aplicación do disposto neste punto estenderá os seus efectos respecto da obriga tributaria obxecto daqueles e, de ser o caso, respecto daquelas outras acerca das cales non se producise a prescrición regulada no artigo 66.a) desta lei.»

Vinte e catro. Introdúcese un novo punto 4 no artigo 119, coa seguinte redacción:

«4. Na liquidación resultante dun procedemento de aplicación dos tributos poderanse aplicar as cantidades que o obrigado tributario teña pendentes de compensación ou dedución, sen que para estes efectos sexa posible modificar tales cantidades pendentes mediante a presentación de declaracións complementarias ou solicitudes de rectificación despois do inicio do procedemento de aplicación dos tributos.»

Vinte e cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 135, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os interesados poderán promover a taxación pericial contraditoria, en corrección dos medios de comprobación fiscal de valores sinalados no artigo 57 desta lei, dentro do prazo do primeiro recurso ou reclamación que proceda contra a liquidación efectuada de acordo cos valores comprobados administrativamente ou, cando a normativa tributaria así o prevexa, contra o acto de comprobación de valores debidamente notificado.

Nos casos en que a normativa propia do tributo así o prevexa, o interesado poderá reservar para si o dereito a promover a taxación pericial contraditoria cando considere que a notificación non contén expresión suficiente dos datos e motivos tidos en conta para elevar os valores declarados e denuncie a dita omisión nun recurso de reposición ou nunha reclamación económico-administrativa. Neste caso, o prazo a que se refire o parágrafo anterior contarase desde a data de firmeza en vía administrativa do acordo que resolva o recurso ou a reclamación interposta.

A presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria, ou a reserva do dereito a promovelas a que se refire o parágrafo anterior, determinará a suspensión da execución da liquidación e do prazo para interpor recurso ou reclamación contra ela. Así mesmo, a presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria suspenderá o prazo para iniciar o procedemento sancionador que, de ser o caso, derive da liquidación ou, se este se iniciase, o prazo máximo para a terminación do procedemento sancionador. Tras a terminación do procedemento de taxación pericial contraditoria, a notificación da liquidación que proceda determinará que o prazo previsto no punto 2 do artigo 209 desta lei se compute de novo desde a dita notificación ou, se o procedemento se iniciase, que se restableza o cómputo do prazo restante para a terminación.

No caso de que no momento de solicitar a taxación pericial contraditoria contra a liquidación xa se impuxese a correspondente sanción e como consecuencia

daquela se ditase unha nova liquidación, anularase a sanción e imporase outra tendo en conta a cuantificación da nova liquidación.»

Vinte e seis. Modifícase o punto 2 do artigo 136, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Neste procedemento, a Administración tributaria poderá realizar unicamente as seguintes actuacións:

a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións e dos xustificantes presentados ou que se requiran para o efecto.

b) Exame dos datos e antecedentes en poder da Administración tributaria que poñan de manifesto a realización do feito impositivo ou do presuposto dunha obrigação tributaria, ou a existencia de elementos determinantes dela non declarados ou distintos aos declarados polo obrigado tributario.

c) Exame dos rexistros e demais documentos exixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial con excepción da contabilidade mercantil, así como o exame das facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas nos ditos libros, rexistros ou documentos.

Malia o previsto no parágrafo anterior, cando no curso do procedemento o obrigado tributario achegue, sen mediar requirimento previo para o efecto, a documentación contable que entenda pertinente co obxecto de acreditar a contabilización de determinadas operacións, a Administración poderá examinar tal documentación só para os efectos de constatar a coincidencia entre o que figure na documentación contable e a información de que dispoña a Administración tributaria.

O exame da documentación a que se refire o parágrafo anterior non impedirá nin limitará a ulterior comprobación das operacións a que esta se refire nun procedemento de inspección.

d) Requisitos a terceiros para que acheguen a información que se encontren obrigados a subministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 150, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 150. *Prazo das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións do procedemento de inspección deberán concluír no prazo de:

a) 18 meses, con carácter xeral.

b) 27 meses, cando concorra algunha das seguintes circunstancias en calquera das obrigações tributarias ou períodos obxecto de comprobación:

1.º Que a cifra anual de negocios do obrigado tributario sexa igual ou superior á requirida para auditar as súas contas.

2.º Que o obrigado tributario estea integrado nun grupo sometido ao réxime de consolidación fiscal ou ao réxime especial de grupo de entidades que estea sendo obxecto de comprobación inspectora.

Cando se realicen actuacións inspectoras con diversas persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, a concorrencia das circunstancias previstas nesta letra en calquera deles determinará a aplicación deste prazo aos procedementos de inspección seguidos con todos eles.

O prazo de duración do procedemento a que se refire este punto poderase estender nos termos sinalados nos puntos 4 e 5.

2. O prazo do procedemento inspector contarase desde a data de notificación ao obrigado tributario do seu inicio até que se notifique ou se entenda notificado o

acto administrativo resultante del. Para efectos de entender cumplida a obligación de notificar e de computar o prazo de resolución será suficiente acreditar que se realizou un intento de notificación que contenga o texto íntegro da resolución.

Na comunicación de inicio do procedemento inspector será informado o obrigado tributario do prazo que lle resulte aplicable.

No caso de que as circunstancias a que se refire a letra b) do punto anterior se aprecien durante o desenvolvemento das actuacións inspectoras, o prazo será de 27 meses, contado desde a notificación da comunicación de inicio, o que se porá en coñecemento do obrigado tributario.

O prazo será único para todas as obrigacións tributarias e períodos que constitúan o obxecto do procedemento inspector, aínda que as circunstancias para a determinación do prazo só afecten algunhas das obrigacións ou períodos incluídos nel, salvo o suposto de desagregación previsto no punto 3.

Para efectos do cómputo do prazo do procedemento inspector, non será de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 104 desta lei respecto dos períodos de interrupción xustificada nin das dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración.

3. O cómputo do prazo do procedemento inspector suspenderase desde o momento en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) A remisión do expediente ao Ministerio Fiscal ou á xurisdición competente sen practicar a liquidación, de acordo co sinalado no artigo 251 desta lei.

b) A recepción dunha comunicación dun órgano xurisdicional en que se ordene a suspensión ou paralización respecto de determinadas obrigacións tributarias ou elementos delas dun procedemento inspector en curso.

c) A formulación pola Administración tributaria que estea desenvolvendo o procedemento de inspección dun conflito ante as xuntas arbitrais previstas na normativa relativa ás comunidades autónomas, na Lei 28/1990, do 26 de decembro, do Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra e na Lei 12/2002, do 23 de maio, do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, ou a recepción da comunicación deste.

d) A notificación ao interesado da remisión do expediente de conflito na aplicación da norma tributaria á Comisión consultiva.

e) O intento de notificación ao obrigado tributario da proposta de resolución ou de liquidación ou do acordo polo cal se ordena completar actuacións a que se refire o artigo 156.3.b) desta lei.

f) A concorrencia dunha causa de forza maior que obligue a suspender as actuacións.

Salvo que conorra a circunstancia prevista na letra e) deste punto, a inspección non poderá realizar ningunha actuación en relación co procedemento suspendido polas causas anteriores, sen prexuízo de que as solicitudes previamente efectuadas ao obrigado tributario ou a terceiros deban ser contestadas. Non obstante, se a Administración tributaria aprecia que algún período, obrigación tributaria ou elemento desta non se encontra afectado por causas de suspensión, continuará o procedemento inspector respecto deles e, de ser o caso, eles poderán practicar a correspondente liquidación. Para os únicos efectos do cómputo do período máximo de duración, nestes casos, desde o momento en que conorre a circunstancia da suspensión, desagregaranse os prazos distinguindo entre a parte do procedemento que continúa e a que queda suspendida. A partir da dita desagregación, cada parte do procedemento rexerese polos seus propios motivos de suspensión e extensión do prazo.

A suspensión do cómputo do prazo terá efectos desde que conorran as circunstancias anteriormente sinaladas, o que se comunicará ao obrigado tributario para efectos informativos, salvo que con esta comunicación se poida prexudicar a realización de investigacións xudiciais, circunstancia que deberá quedar suficientemente motivada no expediente. Nesta comunicación detallaranse os

períodos, as obrigacións tributarias ou os elementos destas que se encontran suspendidos e aqueloutros respecto dos cales se continúa o procedemento por non verse afectados polas ditas causas de suspensión.

A suspensión finalizará cando teña entrada no rexistro da correspondente Administración tributaria o documento de que derive que cesou a causa de suspensión, se consiga efectuar a notificación ou se constate a desaparición das circunstancias determinantes da forza maior. Non obstante, no caso previsto na letra d), o prazo de suspensión non poderá exceder o prazo máximo para a emisión do informe.

Unha vez finalizada a suspensión, o procedemento continuará polo prazo que reste.

4. O obrigado tributario poderá solicitar antes da apertura do trámite de audiencia, nos termos que regulamentariamente se establezan, un ou varios períodos nos cales a inspección non poderá efectuar actuacións co obrigado tributario e quedará suspendido o prazo para atender os requirimentos efectuados a este. Estes períodos non poderán exceder, no seu conxunto, os 60 días naturais para todo o procedemento e suporán unha extensión do seu prazo máximo de duración.

O órgano actuante poderá denegar a solicitude se non se encontra suficientemente xustificada ou se se aprecia que pode prexudicar o desenvolvemento das actuacións. A denegación non poderá ser obxecto de recurso ou reclamación económico-administrativa.

5. Cando durante o desenvolvemento do procedemento inspector o obrigado tributario manifieste que non ten ou non vai achegar a información ou documentación solicitada ou non a achega integramente no prazo concedido no terceiro requirimento, a súa achega posterior determinará a extensión do prazo máximo de duración do procedemento inspector por un período de tres meses, sempre que a dita achega se produza unha vez transcorridos, ao menos, nove meses desde o seu inicio. Non obstante, a extensión será de 6 meses cando a achega se efectúe tras a formalización da acta e determine que o órgano competente para liquidar acorde a práctica de actuacións complementarias.

Así mesmo, o prazo máximo de duración do procedemento inspector estenderase por un período de seis meses cando tras deixar constancia da apreciación das circunstancias determinantes da aplicación do método de estimación indirecta, se acheguen datos, documentos ou probas relacionados coas ditas circunstancias.

6. O incumprimento do prazo de duración do procedemento a que se refire o punto 1 deste artigo non determinará a caducidade do procedemento, que continuará até a súa terminación, pero producirá os seguintes efectos respecto ás obrigacións tributarias pendentes de liquidar:

a) Non se considerará interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións inspectoras desenvolvidas durante o prazo sinalado no punto 1.

A prescrición entenderase interrompida pola realización de actuacións con posterioridade á finalización do prazo a que se refire o punto 1. O obrigado tributario terá dereito a ser informado sobre os conceptos e períodos a que alcanzan as actuacións que se vaian realizar.

b) Os ingresos realizados desde o inicio do procedemento até a primeira actuación practicada con posterioridade ao incumprimento do prazo de duración do procedemento previsto no punto 1 e que fosen imputados polo obrigado tributario ao tributo e período obxecto das actuacións inspectoras terán o carácter de espontáneos para os efectos do artigo 27 desta lei.

c) Non se exixirán xuros de demora desde que se produza o dito incumprimento até a finalización do procedemento.

7. Cando unha resolución xudicial ou económico-administrativa aprecie defectos formais e ordene a retroacción das actuacións inspectoras, estas deberán

finalizar no período que reste desde o momento a que se retrotraian as actuacións até a conclusión do prazo previsto no punto 1 ou en seis meses, se este último for superior. O citado prazo computarase desde a recepción do expediente polo órgano competente para executar a resolución.

Exixíranse xuros de demora pola nova liquidación que poña fin ao procedemento. A data de inicio do cómputo do xuro de demora será a mesma que, de acordo co establecido no punto 2 do artigo 26, correspondería á liquidación anulada e o xuro devindicarase até o momento en que se ditase a nova liquidación.»

Vinte e oito. Modifícase o punto 3 e introdúcese dous novos puntos 4 e 5 no artigo 158, coa seguinte redacción:

«3. Os datos e antecedentes utilizados para a aplicación do método de estimación indirecta poderán proceder de calquera das seguintes fontes:

a) Os signos, índices e módulos establecidos para o método de estimación obxectiva, que se utilizarán preferentemente tratándose de obrigados tributarios que renunciaren ao dito método. Non obstante, se a Inspección acredita a existencia de rendementos ou cotas procedentes da actividade económica por un importe superior, será este último o que se considere para efectos da regularización.

b) Os datos económicos e do proceso produtivo obtidos do propio obrigado tributario.

Poderanse utilizar datos de exercicios anteriores ou posteriores ao regularizado nos cales dispoña de información que se considere suficiente e fiable. En especial, poderase utilizar información correspondente ao momento de desenvolvemento da actuación inspectora, que poderá considerarse aplicable aos exercicios anteriores, salvo que a Inspección ou o obrigado tributario xustifiquen e cuantifiquen que procede efectuar axustes nos ditos datos.

Cando este método se aplique á cuantificación de operacións de características homoxéneas do obrigado tributario e este non achegue información ao respecto, achegue información incorrecta ou insuficiente ou se descubra a existencia de incorreccións reiteradas nunha mostra das ditas operacións, a inspección dos tributos poderá regularizalas por mostraxe. Nestes casos, poderá aplicarse a media que resulta da mostra á totalidade das operacións do período comprobado, salvo que o obrigado tributario acredite a existencia de causas específicas que xustifiquen a improcedencia da dita proporción.

c) Os datos procedentes de estudos do sector efectuados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas, e que se refiran ao período obxecto de regularización. Neste caso, identificarase a fonte dos estudos, para efectos de que o obrigado tributario poida argumentar o que considere adecuado ao seu dereito en relación con eles.

d) Os datos dunha mostra obtida polos órganos da Inspección sobre empresas, actividades ou produtos con características relevantes que sexan análogas ou similares ás do obrigado tributario, e se refiran ao mesmo ano. Neste caso, a Inspección deberá identificar a mostra elixida, de forma que se garanta a súa adecuación ás características do obrigado tributario, e sinalar o rexistro público ou fonte de que se obtiveron os datos. En caso de que os datos utilizados procedan da propia Administración tributaria, a mostra realizarase de conformidade co disposto regulamentariamente.

4. En caso de imposición directa, poderanse determinar polo método de estimación indirecta as vendas e prestacións, as compras e gastos ou o rendimento neto da actividade. A estimación indirecta pode referirse unicamente ás vendas e prestacións, se as compras e gastos que figuran na contabilidade ou nos rexistros fiscais se consideran suficientemente acreditados. Así mesmo, pode referirse unicamente ás compras e gastos cando as vendas e prestacións resulten suficientemente acreditadas.

En caso de imposición sobre o consumo, poderanse determinar polo método de estimación indirecta a base e a cota repercutida, a cota que se estima soportada e deducible ou ambos os importes. A cota que se estima soportada e deducible calcularase estimando as cotas que corresponderían aos bens e servizos que serían normalmente necesarios para a obtención das vendas ou prestacións correspondentes, pero só na contía en que se aprecie que se repercutiu o imposto e que este foi soportado efectivamente polo obrigado tributario. Se a Administración tributaria non dispón de información que lle permita apreciar a repercusión das cotas, corresponderá ao obrigado tributario achegar a información que permita identificar as persoas ou entidades que lle repercutiron o imposto e calcular o seu importe.

Ningún gasto ou cota soportada correspondente a un exercicio regularizado por medio de estimación indirecta poderá ser obxecto de dedución nun exercicio distinto.

5. No caso de tributos con períodos de liquidación inferior ao ano, a cota estimada pola Inspección de forma anual repartirase linealmente entre os períodos de liquidación correspondentes, salvo que o obrigado tributario xustifique que procede unha repartición temporal diferente.»

Vinte e nove. Modifícase o punto 3 do artigo 159, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Para efectos do cómputo do prazo do procedemento inspector, terase en conta o disposto no punto 3 do artigo 150 desta lei.»

Trinta. Modifícase o punto 2 do artigo 179, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:

- a) Cando as realice quen careza de capacidade de obrar na orde tributaria.
- b) Cando concorra forza maior.
- c) Cando deriven dunha decisión colectiva, para quen salvase o seu voto ou non asistise á reunión en que esta se adoptou.
- d) Cando se puxese a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigacións tributarias. Entre outros supostos, entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o obrigado actuase amparándose nunha interpretación razoable da norma ou cando o obrigado tributario axustase a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración tributaria competente nas publicacións e comunicacións escritas a que se refiren os artigos 86 e 87 desta lei. Tampouco se eximirá esta responsabilidade se o obrigado tributario axusta a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración na contestación a unha consulta formulada por outro obrigado, sempre que entre as súas circunstancias e as mencionadas na contestación á consulta exista unha igualdade substancial que permita entender aplicables os ditos criterios e estes non fosen modificados.

Para efectos do disposto neste punto 2, nos supostos a que se refire o artigo 206 bis desta lei, non poderá considerarse, salvo proba en contrario, que existe concorrencia nin da dilixencia debida no cumprimento das obrigacións tributarias nin da interpretación razoable da norma sinaladas no parágrafo anterior.

e) Cando sexan imputables a unha deficiencia técnica dos programas informáticos de asistencia facilitados pola Administración tributaria para o cumprimento das obrigacións tributarias.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 180, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 180. *Principio de non concorrencia de sancións tributarias.*

1. Unha mesma acción ou omisión que deba aplicarse como criterio de graduación dunha infracción ou como circunstancia que determine a cualificación

dunha infracción como grave ou moi grave non poderá ser sancionada como infracción independente.

2. A realización de varias accións ou omisións constitutivas de varias infraccións posibilitará a imposición das sancións que procedan por todas elas.

Entre outros supostos, a sanción derivada da comisión da infracción prevista no artigo 191 desta lei será compatible coa que proceda, de ser o caso, pola aplicación dos artigos 194 e 195 desta lei.

Así mesmo, a sanción derivada da comisión da infracción prevista no artigo 198 desta lei será compatible coas que procedan, de ser o caso, pola aplicación dos artigos 199 e 203 desta lei.

3. As sancións derivadas da comisión de infraccións tributarias resultan compatibles coa existencia do xuro de demora e das recargas do período executivo.»

Trinta e dous. Modifícase a alínea d) do punto 1 do artigo 181, que queda redactada da seguinte forma:

«d) A entidade representante do grupo fiscal no réxime de consolidación fiscal.»

Trinta e tres. Modifícanse os puntos 1, 2, 4, 5 e 7 do artigo 199, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Constitúe infracción tributaria presentar de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos autoliquidacións ou declaracións, así como os documentos relacionados coas obrigacións alfandegueiras, sempre que non se produciase ou non se poida producir prexuízo económico á Facenda pública, ou contestacións a requirimentos individualizados de información.

Tamén constituirá infracción tributaria presentar as autoliquidacións, as declaracións, os documentos relacionados coas obrigacións alfandegueiras ou outros documentos con transcendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos naqueles supostos en que haxa obrigación de facelo por tales medios.

As infraccións previstas neste artigo serán graves e sancionaranse de acordo co disposto nos puntos seguintes.»

«2. Se se presentan de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos autoliquidacións ou declaracións, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 150 euros.

Se se presentan autoliquidacións, declaracións ou outros documentos con transcendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obrigación de facelo por tales medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros.»

«4. Tratándose de requirimentos individualizados ou de declaracións exixidas con carácter xeral en cumprimento da obrigación de subministración de información recollida nos artigos 93 e 94 desta lei, que non teñan por obxecto datos expresados en magnitudes monetarias e fosen contestados ou presentadas de forma incompleta, inexacta, ou con datos falsos, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 200 euros por cada dato ou conxunto de datos referidos a unha mesma persoa ou entidade omitido, inexacto ou falso.

A sanción será de 100 euros por cada dato ou conxunto de datos referidos a unha mesma persoa ou entidade cando a declaración fose presentada por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos e exista obrigación de facelo por tales medios, cun mínimo de 250 euros.»

«5. Tratándose de requirimentos individualizados ou de declaracións exixidas con carácter xeral en cumprimento da obrigación de subministración de información

recollida nos artigos 93 e 94 desta lei, que teñan por obxecto datos expresados en magnitudes monetarias e fosen contestados ou presentadas de forma incompleta, inexacta, ou con datos falsos, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional de até o 2 por cento do importe das operacións non declaradas ou declaradas incorrectamente, cun mínimo de 500 euros.

Se o importe das operacións non declaradas ou declaradas incorrectamente representa unha porcentaxe superior ao 10, 25, 50 ou 75 por cento do importe das operacións que se deberon declarar, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 0,5, 1, 1,5 ou 2 por cento do importe das operacións non declaradas ou declaradas incorrectamente, respectivamente. En caso de que a porcentaxe sexa inferior ao 10 por cento, imponse multa pecuniaria fixa de 500 euros.

A sanción será do 1 por cento do importe das operacións declaradas por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obrigación de facelo por tales medios, cun mínimo de 250 euros.»

«7. Tratándose de declaracións e documentos relacionados coas formalidades alfandegueiras presentados de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos, cando non determinen o nacemento dunha débeda alfandegueira, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do un por 1.000 do valor das mercadorías a que as declaracións e documentos se refiran, cun mínimo de 100 euros e un máximo de 6.000 euros.

Se se presentan por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obrigación de facelo por tales medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 200, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 200. *Infracción tributaria por incumprir obrigacións contables e rexistras.*

1. Constitúe infracción tributaria o incumprimento de obrigacións contables e rexistras, entre outras:

a) A inexactitude ou omisión de operacións na contabilidade ou nos libros e rexistros exixidos polas normas tributarias.

b) A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponda, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da situación tributaria do obrigado.

c) O incumprimento da obrigación de levar ou conservar a contabilidade, os libros e rexistros establecidos polas normas tributarias, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e os sistemas de codificación utilizados.

d) A xestión de contabilidades distintas referidas a unha mesma actividade e exercicio económico que dificulten o coñecemento da verdadeira situación do obrigado tributario.

e) O atraso en máis de catro meses na xestión da contabilidade ou dos libros e rexistros establecidos polas normas tributarias.

f) A autorización de libros e rexistros sen ter sido dilixenciados ou habilitados pola Administración cando a normativa tributaria ou alfandegueira exixa tal requisito.

g) O atraso na obrigación de levar os libros de rexistro a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a subministración dos rexistros de facturación nos termos establecidos regulamentariamente.

2. A infracción prevista neste artigo será grave.

3. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 150 euros, salvo que sexa de aplicación o disposto nos parágrafos seguintes.

A inexactitude ou omisión de operacións ou a utilización de contas con significado distinto do que lles corresponda sancionárase con multa pecuniaria proporcional do un por cento dos cargos, aboamentos ou anotacións omitidos,

inexactos, falseados ou recollidos en contas con significado distinto do que lles corresponda, cun mínimo de 150 e un máximo de 6.000 euros.

A non xestión ou conservación da contabilidade, os libros e os rexistros exixidos polas normas tributarias, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e os sistemas de codificación utilizados sancionaranse con multa pecuniaria proporcional do un por cento da cifra de negocios do suxeito infractor no exercicio a que se refire a infracción, cun mínimo de 600 euros.

A xestión de contabilidades distintas referidas a unha mesma actividade e exercicio económico que dificulten o coñecemento da verdadeira situación do obrigado tributario sancionaranse con multa pecuniaria fixa de 600 euros por cada un dos exercicios económicos a que alcance a dita xestión.

O atraso en máis de catro meses na xestión da contabilidade ou libros e rexistros exixidos polas normas tributarias sancionaranse con multa pecuniaria fixa de 300 euros.

O atraso na obrigación de levar os libros de rexistro a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a subministración dos rexistros de facturación nos termos establecidos regulamentariamente sancionaranse con multa pecuniaria proporcional dun 0,5 por cento do importe da factura obxecto do rexistro, cun mínimo trimestral de 300 euros e un máximo de 6.000 euros.

A utilización de libros e rexistros sen ter sido dilixenciados ou habilitados pola Administración cando a normativa tributaria ou alfandegueira o exixa sancionaranse con multa pecuniaria fixa de 300 euros.»

Trinta e cinco. Introdúcese un novo artigo 206 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 206 bis. *Infracción en supostos de conflito na aplicación da norma tributaria.*

1. Constitúe infracción tributaria o incumprimento das obrigacións tributarias mediante a realización de actos ou negocios cuxa regularización se efectuase mediante a aplicación do disposto no artigo 15 desta lei e na cal resultase acreditada calquera das seguintes situacións:

- a) A falta de ingreso dentro do prazo establecido na normativa de cada tributo da totalidade ou parte da débeda tributaria.
- b) A obtención indebida dunha devolución derivada da normativa de cada tributo.
- c) A solicitude indebida dunha devolución, beneficio ou incentivo fiscal.
- d) A determinación ou acreditación improcedente de partidas positivas ou negativas ou créditos tributarios para compensar ou deducir na base ou na cota de declaracións futuras, propias ou de terceiros.

2. O incumprimento a que se refire o punto anterior constituirá infracción tributaria exclusivamente cando se acredite a existencia de igualdade substancial entre o caso obxecto de regularización e aquel ou aqueles outros supostos en que se establece o criterio administrativo e este se fíxese público para xeral coñecemento antes do inicio do prazo para a presentación da correspondente declaración ou autoliquidación.

Para estes efectos, entenderase por criterio administrativo o establecido por aplicación do disposto no punto 2 do artigo 15 desta lei.

Establecerase regulamentariamente a publicidade do criterio administrativo derivado dos informes establecidos no punto 2 do artigo 15 desta lei.

3. A infracción tributaria prevista neste artigo será grave.

4. A sanción consistirá en:

- a) Multa pecuniaria proporcional do 50 % da contía non ingresada no suposto do punto 1.a).
- b) Multa pecuniaria proporcional do 50 % da cantidade devolta indebidamente no suposto do punto 1.b).
- c) Multa pecuniaria proporcional do 15 % da cantidade indebidamente solicitada no suposto do punto 1.c).

d) Multa pecuniaria proporcional do 15 % do importe das cantidades indebidamente determinadas ou acreditadas, se se trata de partidas para compensar ou deducir na base imponible, ou do 50 % se se trata de partidas para deducir na cota ou de créditos tributarios aparentes, no suposto do punto 1.d).

5. As infraccións e sancións reguladas neste artigo serán incompatibles coas que corresponderían polas reguladas nos artigos 191, 193, 194 e 195 desta lei.

6. Nos supostos regulados neste artigo resultará de aplicación o disposto no artigo 188 desta lei.»

Trinta e seis. Modifícase o punto 2 do artigo 211, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O procedemento sancionador en materia tributaria deberá concluír no prazo máximo de seis meses contados desde a notificación da comunicación de inicio do procedemento. Entenderase que o procedemento conclúe na data en que se notifique o acto administrativo de resolución deste. Para efectos de entender cumprida a obrigaçión de notificar e de computar o prazo de resolución serán aplicables as regras contidas no punto 2 do artigo 104 desta lei.

Cando, téndose iniciado o procedemento sancionador, concorra no procedemento inspector de que deriva algunha das circunstancias previstas no punto 5 do artigo 150 desta lei, o prazo para concluír o procedemento sancionador estenderase polo mesmo período que resulte procedente de acordo co disposto no dito punto.»

Trinta e sete. Modifícase o punto 1 do artigo 221, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iníciase de oficio ou por instancia do interesado, nos seguintes supostos:

- a) Cando se producise unha duplicidade no pagamento de débedas tributarias ou sancións.
- b) Cando a cantidade pagada fose superior ao importe para ingresar resultante dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
- c) Cando se ingresasen cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de ter transcorrido os prazos de prescrición. En ningún caso se devolverán as cantidades satisfeitas na regularización voluntaria establecida no artigo 252 desta lei.
- d) Cando así o estableza a normativa tributaria.

Desenvolverase regulamentariamente o procedemento previsto neste punto, ao cal será de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 220 desta lei.»

Trinta e oito. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 224 e renumérase o actual punto 5 como 6, coa seguinte redacción:

«5. Nos casos do artigo 68.9 desta lei, se o recurso afecta unha débeda tributaria que, pola súa vez, determinou o recoñecemento dunha devolución a favor do obrigado tributario, as garantías achegadas para obter a suspensión garantirán, así mesmo, as cantidades que, de ser o caso, se deban reintegrar como consecuencia da estimación total ou parcial do recurso.»

Trinta e nove. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 225 e renuméranse os actuais puntos 3, 4 e 5 como 4, 5 e 6, coa seguinte redacción:

«3. En execución dunha resolución que estime total ou parcialmente o recurso contra a liquidación dunha obrigaçión tributaria conexas a outra do mesmo obrigado

tributario de acordo co artigo 68.9 desta lei, regularizárase a obrigación conexa distinta da impugnada en que a Administración aplicase os criterios ou elementos en que se fundamentou a liquidación da obrigación tributaria obxecto da reclamación.

Se da dita regularización resulta a anulación da liquidación da obrigación conexa distinta da impugnada e a práctica dunha nova liquidación que se axuste ao resolto no recurso, será de aplicación o disposto no artigo 26.5 desta lei.»

Corenta. Modifícase o artigo 229, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 229. *Competencias dos órganos económico-administrativos.*

1. O Tribunal Económico-Administrativo Central coñecerá:

a) En única instancia, das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos centrais do Ministerio de Economía e Facenda ou outros departamentos ministeriais, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, así como, de ser o caso, contra os actos ditados polos órganos superiores da Administración das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía.

Tamén coñecerá, en única instancia, das reclamacións en que se deba oír ou se oíse como trámite previo o Consello de Estado.

b) En única instancia, das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado ou, de ser o caso, polos órganos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía non comprendidos na letra anterior, así como contra as actuacións dos particulares susceptibles de reclamación cando, mesmo podendo presentarse a reclamación en primeira instancia ante o tribunal económico-administrativo rexional ou local correspondente ou, de ser o caso, ante o órgano económico administrativo das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía, a reclamación se interpoña directamente ante o Tribunal Económico-Administrativo Central, de acordo co disposto no punto 6 deste artigo.

c) En segunda instancia, dos recursos de alzada ordinarios que se interpoñan contra as resolucións ditadas en primeira instancia polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais e, de ser o caso, como consecuencia do labor unificador de criterio que corresponde ao Estado, contra as resolucións ditadas polos órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía.

d) Como consecuencia do seu labor unificador de criterio, dos recursos extraordinarios de alzada para unificación de criterio previstos no artigo 242 desta lei.

Así mesmo e, como consecuencia deste labor unificador, cando existan resolucións dos tribunais económico-administrativos rexionais ou locais que apliquen criterios distintos aos contidos en resolucións doutros tribunais económico-administrativos, ou que revistan especial transcendencia, o presidente ou a vogalía coordinadora do Tribunal Económico-Administrativo Central, por iniciativa propia ou por proposta de calquera dos vogais do Tribunal Económico-Administrativo Central ou dos presidentes dos tribunais económico-administrativos rexionais ou locais, poderán promover a adopción dunha resolución en unificación de criterio pola sala ou polo pleno do Tribunal Económico-Administrativo Central, que terá os mesmos efectos que a resolución do recurso regulado no artigo 242 desta lei. Con carácter previo á resolución de unificación de criterio, darase trámite de alegacións por prazo dun mes, contado desde que se lles comunique o acordo de promoción da resolución en unificación de criterio, aos directores xerais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aos directores de departamento da Axencia Estatal de Administración Tributaria e aos órganos equivalentes ou asimilados das

comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía respecto ás materias da súa competencia.

e) Dos recursos extraordinarios de revisión, salvo os supostos a que se refire o artigo 59.1.c) último parágrafo da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

f) Da rectificación de erros en que incorran as súas propias resolucións, de acordo co disposto no artigo 220 desta lei.

2. Os tribunais económico-administrativos rexionais e locais coñecerán:

a) En única instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado e, de ser o caso, polos órganos da Administración das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía non comprendidos na alínea a) do punto anterior, cando a contía da reclamación sexa igual ou inferior ao importe que se determine regulamentariamente.

b) En primeira instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos mencionados na alínea a) deste punto, cando a contía da reclamación sexa superior ao importe que se determine regulamentariamente.

c) Da rectificación de erros en que incorran as súas propias resolucións, de acordo co disposto no artigo 220 desta lei.

3. Cando existan resolucións dunha sala desconcentrada dun tribunal económico-administrativo rexional que non se adecuen aos criterios do tribunal ou que sexan contrarios aos doutra sala desconcentrada do mesmo tribunal, ou que revistan especial transcendencia, o presidente do Tribunal Económico-Administrativo Rexional poderá promover a adopción dunha resolución de fixación de criterio polo Pleno do Tribunal Económico-Administrativo Rexional ou por unha sala convocada para tal fin, presidida por el, e formada polos membros do tribunal que decida o presidente en atención á súa especialización nas cuestións que se vaian considerar. A resolución que se dite non afectará a situación xurídica particular derivada das resolucións previas. Os criterios así adoptados serán vinculantes para as salas e órganos unipersoais do correspondente tribunal. Contra as resolucións que se diten poderase interpor o recurso extraordinario de alzada para unificación de criterio previsto no artigo 242 desta lei.

4. Os órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía coñecerán, de ser o caso, e salvo o disposto no artigo 59.1.c), segundo parágrafo, da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía:

a) En única instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos da Administración das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía non comprendidos na alínea a) do punto 1, cando a contía da reclamación sexa igual ou inferior ao importe que se determine regulamentariamente.

b) En primeira instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos ditados polos órganos mencionados na alínea a) deste punto cando a contía da reclamación sexa superior ao importe que se determine regulamentariamente.

c) Da rectificación de erros en que incorran as súas propias resolucións, de acordo co disposto no artigo 220 desta lei.

5. Os tribunais económico-administrativos rexionais e locais e, de ser o caso, os órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía coñecerán, así mesmo, das reclamacións que se interpoñan contra actuacións dos particulares en materia tributaria susceptibles de reclamación económico-administrativa, en primeira ou única instancia segundo que a contía da reclamación exceda ou non o importe que se determine regulamentariamente, salvo o disposto no artigo 59.1.c), segundo parágrafo, da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Nestes casos, a competencia dos tribunais económico-administrativos rexionais e locais e dos órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía estará determinada polo domicilio fiscal da persoa ou entidade que interpoña a reclamación. Se este se acha fóra de España, a competencia corresponderá ao Tribunal Económico-Administrativo Central, calquera que sexa a súa contía.

6. Cando a resolución da reclamación económico-administrativa sexa susceptible de recurso de alzada ordinario ante o Tribunal Económico-Administrativo Central, a reclamación poderase interpor directamente ante este órgano. Neste caso, a tramitación corresponderá á secretaría do Tribunal Económico-Administrativo Rexional ou Local ou do órgano económico-administrativo da comunidade autónoma ou da cidade con estatuto de autonomía, sen prexuízo das actuacións complementarias de tramitación que decida levar a cabo o Tribunal Económico-Administrativo Central e salvo que o interesado solicite que a posta de manifesto teña lugar ante o Tribunal Económico Administrativo Central, caso en que a tramitación seguirá neste órgano.

7. En cada comunidade autónoma existirá un tribunal económico-administrativo rexional. En cada cidade con estatuto de autonomía existirá un tribunal económico-administrativo local.

O ámbito dos tribunais económico-administrativos rexionais e locais coincidirá co da respectiva comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía e a súa competencia territorial para coñecer das reclamacións económico-administrativas determinarase conforme a sede do órgano que ditase o acto obxecto da reclamación. Nos tribunais económico-administrativos rexionais poderán crearse salas desconcentradas co ámbito territorial e coas competencias que se fixen na normativa tributaria.»

Corenta e un. Modifícase o artigo 230, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 230. *Acumulación de reclamacións económico-administrativas.*

1. Os recursos e as reclamacións económico-administrativas acumularanse para efectos da súa tramitación e resolución nos seguintes casos:

a) As interpostas por un mesmo interesado relativas ao mesmo tributo, que deriven dun mesmo procedemento.

b) As interpostas por varios interesados relativas ao mesmo tributo sempre que deriven dun mesmo expediente, susciten idénticas cuestións e deban ser resoltas polo mesmo órgano económico-administrativo.

c) As que interpuxesen varios interesados contra un mesmo acto administrativo ou contra unha mesma actuación tributaria dos particulares.

d) A interposta contra unha sanción se se presentou reclamación contra a débeda tributaria de que derive.

2. Fóra dos casos establecidos no número anterior, o tribunal, de oficio ou por instancia de parte, poderá acumular motivadamente aquelas reclamacións que considere que deben ser obxecto de resolución unitaria que afecten o mesmo ou distintos tributos, sempre que exista conexión entre elas. No caso de que se trate de

distintos reclamantes e non o solicitasen eles mesmos, deberáselles conceder previamente un prazo de 5 días para manifestar o que consideren conveniente respecto da procedencia da acumulación.

As acumulacións a que se refire este punto poderán quedar sen efecto cando o tribunal considere conveniente a resolución separada das reclamacións.

3. Os acordos sobre acumulación ou polos que se deixa sen efecto unha acumulación terán o carácter de actos de trámite e non serán impugnables.

4. A acumulación atenderá ao ámbito territorial de cada tribunal económico-administrativo ou sala desconcentrada, sen que en ningún caso poida alterar a competencia para resolver nin a vía de impugnación procedente, salvo nos casos previstos nas alíneas a), c) e d) do punto 1 deste artigo. Nestes casos, se o Tribunal Económico-Administrativo Central é competente para resolver unha das reclamacións obxecto de acumulación, serao tamén para coñecer das acumuladas; noutro suposto, a competencia corresponderá, nos casos previstos nas alíneas a) e c) do punto 1, ao órgano competente para coñecer da reclamación que se interpuxese primeiro e, no establecido na alínea d), ao órgano competente para coñecer da reclamación contra a débeda tributaria.»

Corenta e dous. Introdúcese un novo punto 7 no artigo 233, e renumérase o actual punto 7 e seguintes, coa seguinte redacción:

«7. Nos casos do artigo 68.9 desta lei, se a reclamación afecta unha débeda tributaria que, pola súa vez, determinou o recoñecemento dunha devolución a favor do obrigado tributario, as garantías achegadas para obter a suspensión garantirán, así mesmo, as cantidades que se deban reintegrar como consecuencia da estimación total ou parcial da reclamación.»

Corenta e tres. Modifícase o artigo 234, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 234. *Normas xerais.*

1. As reclamacións económico-administrativas tramitaranse en única ou primeira instancia cos recursos que esta lei establece.

2. Terase por acreditada a representación voluntaria, sen necesidade de achegar un dos medios establecidos no artigo 46.2 desta lei, cando a representación fose admitida pola Administración tributaria no procedemento en que se ditou o acto impugnado.

3. O procedemento impulsarase de oficio con suxeición aos prazos establecidos, que non serán susceptibles de prórroga nin precisarán que se declare a súa finalización.

4. Todos os actos e resolucións que afecten os interesados ou poñan termo en calquera instancia a unha reclamación económico-administrativa serán notificados a aqueles, ben por medios electrónicos, ben no domicilio sinalado ou, na súa falta, de acordo co artigo 112 desta lei.

A notificación farase de forma electrónica obrigatoriamente para os interesados, e nos termos que regulamentariamente se establezan, nos supostos en que, de acordo co artigo 235.5 desta lei, sexa obrigatoria a interposición da reclamación por esta vía.

A notificación deberá expresar se o acto ou resolución é ou non definitivo en vía económico-administrativa e, de ser o caso, os recursos que procedan, o órgano ante o cal se deberían presentar e o prazo para interpoñelos, sen que isto impida que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que coiden pertinente.

5. O procedemento económico-administrativo será gratuito. Non obstante, se a reclamación ou o recurso resulta desestimado ou inadmitido e o órgano económico-administrativo aprecia temeridade ou mala fe, poderá exixirse á persoa a que resulte imputable a dita temeridade ou mala fe que sufrague as custas do procedemento, segundo os criterios que se fixen regulamentariamente.

A condena en custas imporase na resolución que se dite, con mención expresa dos motivos polos que o órgano económico-administrativo apreciou a concorrencia de mala fe ou temeridade, así como a súa cuantificación.

Cando se interpuxese recurso de alzada ordinario, a eficacia da condena en custas ditada en primeira instancia quedará supeditada á súa confirmación na resolución que se dite no dito recurso de alzada ordinario.

6. O procedemento económico-administrativo regularase de acordo coas disposicións previstas neste capítulo e nas disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 235, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 235. *Iniciación.*

1. A reclamación económico-administrativa en única ou primeira instancia interporase no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado, ou desde o día seguinte a aquel en que quede constancia da realización ou omisión da retención ou ingreso á conta, da repercusión motivo da reclamación ou da substitución derivada das relacións entre o substituto e o contribuínte.

Nos supostos de silencio administrativo, poderase interpor a reclamación desde o día seguinte a aquel en que produzan os seus efectos. Se con posterioridade á interposición da reclamación, e antes da súa resolución, se dita resolución expresa, remitirase ao tribunal, unha vez notificada ao interesado.

Na notificación advertirase que a resolución expresa, segundo o seu contido, se considerará impugnada en vía económico-administrativa ou causará a terminación do procedemento por satisfacción extraprocesual que será declarada polo órgano económico administrativo que estea coñecendo o procedemento.

En todo caso, concederase o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, para que o interesado poida formular ante o tribunal as alegacións que teña por convenientes. En tales alegacións o interesado poderá pronunciarse sobre as consecuencias sinaladas no parágrafo anterior. De non o facer, entenderase a súa conformidade coas ditas consecuencias.

Tratándose de reclamacións relativas á obrigaçión de expedir e entregar factura que incumbe a empresarios e profesionais, o prazo a que se refire o primeiro parágrafo empezará a contar transcorrido un mes desde que se requirise formalmente o cumprimento da dita obrigaçión.

No suposto de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, o prazo para a interposición computarase a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pagamento.

2. O procedemento deberase iniciar mediante escrito que poderá limitarse a solicitar que se teña por interposta, identificando o reclamante, o acto ou actuación contra que se reclama, o domicilio para notificacións e o tribunal ante o cal se interpón. Así mesmo, o reclamante poderá xuntar as alegacións en que basee o seu dereito.

Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos á conta, repercusións, obrigaçión de expedir e entregar factura e ás relacións entre o substituto e o contribuínte, o escrito deberá identificar tamén a persoa impugnada e o seu domicilio e xuntar todos os antecedentes que consten á disposición do reclamante ou en rexistros públicos.

3. O escrito de interposición dirixirase ao órgano administrativo que ditase o acto reclamable, que o remitirá ao tribunal competente no prazo dun mes xunto co expediente, de ser o caso, electrónico, correspondente ao acto, ao cal se poderá incorporar un informe se se considera conveniente. No suposto previsto no artigo 229.6 desta lei, o escrito de interposición remitirase ao tribunal económico-administrativo a que corresponda a tramitación da reclamación.

Non obstante, cando o escrito de interposición incluíse alegacións, o órgano administrativo que ditou o acto poderá anular total ou parcialmente o acto impugnado antes da remisión do expediente ao tribunal dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, sempre que non se presentase previamente recurso de reposición. Neste caso, remitirase ao tribunal o novo acto ditado xunto co escrito de interposición.

Se o órgano administrativo non remitise ao tribunal o escrito de interposición da reclamación, bastará que o reclamante presente ante o tribunal a copia selada do dito escrito para que a reclamación se poida tramitar e resolver.

4. Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos á conta, repercusións, á obrigaición de expedir e entregar factura e relacións entre o substituto e o contribuínte, o escrito de interposición dirixirase ao tribunal competente para resolver a reclamación.

5. A interposición da reclamación realizarase obrigatoriamente a través da sede electrónica do órgano que ditase o acto reclamable cando os reclamantes estean obrigados a recibir por medios electrónicos as comunicacións e notificacións.»

Corenta e cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 236, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O tribunal, unha vez recibido e, de ser o caso, completado o expediente, porao de manifesto aos interesados que comparecesen na reclamación e non presentasen alegacións na interposición ou as formulasen pero coa solicitude expresa deste trámite, por prazo común dun mes en que deberán presentar escrito de alegacións con achega das probas oportunas. A posta de manifesto do expediente electrónico poderá ter lugar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos e poderanse presentar por estes medios as alegacións e as probas. Os obrigados a interpor a reclamación de forma electrónica deberán presentar as alegacións, probas e calquera outro escrito por esta mesma vía. En caso de deficiencia técnica imputable á Administración tributaria que imposibilite a realización do trámite por esta vía, o tribunal adoptará as medidas oportunas para evitar prexuízos ao interesado e, entre outras, poderá conceder un novo prazo, prorrogar o anteriormente concedido ou autorizar que se realice por outros medios.»

Corenta e seis. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 237, coa seguinte redacción:

«3. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para formular cuestións pre-xudiciais ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Cando a proposta da cuestión pre-xudicial non fose solicitada polos interesados na reclamación ou recurso económico-administrativo, con carácter previo a que este se produza, concederáselles un prazo de quince días aos interesados para que formulen alegacións en relación exclusivamente coa oportunidade da dita proposta.

En todo caso, o tribunal, antes de propor a cuestión pre-xudicial, concederá un prazo de quince días á Administración tributaria autora do acto para que formule alegacións.

Cando se formulase unha cuestión pre-xudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea de acordo co previsto nos parágrafos anteriores, suspenderase o procedemento económico-administrativo desde a súa proposta e até que se reciba a resolución que resolva a cuestión pre-xudicial. Así mesmo, procederá a suspensión do curso daqueles procedementos económico-administrativos para cuxa resolución sexa preciso coñecer o resultado da cuestión pre-xudicial formulada. Esta suspensión comunicaráselles aos interesados no procedemento económico-administrativo e determinará a suspensión do cómputo do prazo de prescrición dos dereitos a que se refire o artigo 66 desta lei, cómputo que continuará unha vez que se reciba no órgano económico-administrativo competente a resolución da cuestión formulada.»

Corenta e sete. Modifícase o punto 2 do artigo 238, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando se produza a renuncia ou desistencia do reclamante, a caducidade da instancia ou a satisfacción extraprocesual, o tribunal acordará motivadamente o arquivamento das actuacións. Este acordo poderá ser adoptado a través de órganos unipersoais.

O acordo de arquivamento de actuacións poderá revisarse conforme o disposto no artigo 241 bis desta lei.»

Corenta e oito. Modifícanse os puntos 3, 5 e 6 do artigo 239, introdúcese un novo punto 7 e renumérase o actual punto 7 como 8, coas seguintes redaccións:

«3. A resolución poderá ser estimatoria, desestimatoria ou declarar a inadmisibilidade. A resolución estimatoria poderá anular total ou parcialmente o acto impugnado por razóns de dereito substantivo ou por defectos formais.

Cando a resolución aprecie defectos formais que diminúisen as posibilidades de defensa do reclamante, producirase a anulación do acto na parte afectada e ordenarase a retroacción das actuacións ao momento en que se produciu o defecto formal.

Con excepción do suposto a que se refire o parágrafo anterior, os actos de execución, incluída a práctica de liquidacións que resulten dos pronunciamentos dos tribunais, non formarán parte do procedemento en que tivese a súa orixe o acto obxecto de impugnación.

Salvo nos casos de retroacción, os actos resultantes da execución da resolución deberán ser notificados no prazo dun mes desde que a dita resolución teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa execución. Non se exixirán xuros de demora desde que a Administración incumpra o prazo dun mes.»

«5. A resolución que se dite terá plena eficacia respecto dos interesados aos cales se lles notificase a existencia da reclamación. As resolucións dos tribunais económico-administrativos ditadas nas reclamacións relativas a actuacións ou omisións dos particulares, a que se refire o artigo 227.4 desta lei, unha vez que adquirisen firmeza, vincularán a Administración tributaria en canto á cualificación xurídica dos feitos tidos en conta para resolver, sen prexuízo das súas potestades de comprobación e investigación. Para tal efecto, estas resolucións serán comunicadas á Administración competente.

6. Cando non se cumpra, no prazo legalmente establecido, a resolución do tribunal que impoña a obrigação de expedir factura, o reclamante poderá, en nome e por conta do reclamado, expedir a factura en que se documente a operación, conforme as seguintes regras:

1.^a) O exercicio desta facultade deberá ser comunicado por escrito ao tribunal económico-administrativo que coñecese do respectivo procedemento; indicarse que a resolución non se cumpriu e que se vai emitir a factura correspondente. Igualmente, deberá comunicar ao reclamado, por calquera medio que deixe constancia da súa recepción, que vai exercer esta facultade.

2.^a) A factura en que se documente a operación será confeccionada polo reclamante, que constará como destinatario da operación, e figurará como expedidor o que incumpriu a dita obrigação.

3.^a) O reclamante remitirá copia da factura ao reclamado e deberá quedar no seu poder o orixinal desta. Igualmente, deberá enviar á Axencia Estatal da Administración Tributaria copia da dita factura e do escrito presentado ante o Tribunal Económico-Administrativo en que comunicaba o incumprimento da resolución ditada.

7. En execución dunha resolución que estime total ou parcialmente a reclamación contra a liquidación dunha obrigação tributaria conexas a outra do

mesmo obrigado tributario de acordo co artigo 68.9 desta lei, regularizase a obrigación conexa distinta da impugnada na cal a Administración aplicase os criterios ou elementos en que se fundamentou a liquidación da obrigación tributaria obxecto da reclamación.

Se da dita regularización resulta a anulación da liquidación da obrigación conexa distinta da impugnada e a práctica dunha nova liquidación que se axuste ao resolto polo tribunal, será de aplicación o disposto no artigo 26.5 desta lei.»

Corenta e nove. Modifícase o punto 1 do artigo 240, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A duración do procedemento en calquera das súas instancias será dun ano contado desde a interposición da reclamación. Transcorrido ese prazo, o interesado poderá entender desestimada a reclamación co obxecto de interpor o recurso procedente.

O tribunal deberá resolver expresamente en todo caso. Os prazos para a interposición dos correspondentes recursos comezarán a contarse desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa.»

Cincuenta. Modifícase o punto 3 do artigo 241, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Estarán lexitimados para interpor este recurso os interesados, os directores xerais do Ministerio de Economía e Facenda e os directores de departamento da Axencia Estatal de Administración Tributaria nas materias da súa competencia, así como os órganos equivalentes ou asimilados das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía en materia da súa competencia.

Nos termos que se fixen regulamentariamente, ao escrito de interposición poderáselle xuntar a solicitude de suspensión da execución da resolución impugnada polos órganos da Administración. Esta solicitude suspenderá cautelarmente a execución da resolución impugnada mentres o Tribunal Económico-Administrativo Central decida sobre a procedencia ou non da petición de suspensión. A decisión do tribunal sobre a procedencia da suspensión porá fin á vía administrativa.

Esta suspensión fundamentarase en que existen indicios racionais de que o cobramento da débeda que finalmente poida resultar exixible se podería ver frustrado ou gravemente dificultado, e non será necesaria a achega de garantía. Na solicitude de suspensión deberá motivarse de forma suficiente a concorrencia de tales situacións.

A resolución sobre a petición de suspensión notificarállela o Tribunal Económico-Administrativo Central ao recorrente e aos demais interesados no procedemento.

A suspensión, cautelar ou definitiva impedirá que se devolvan as cantidades que se ingresasen e que se liberen as garantías que constituíse o interesado na reclamación económico-administrativa en primeira instancia para obter a suspensión do acto impugnado. Así mesmo, quedarán subsistentes e manterán a súa eficacia os actos do procedemento recadatorio que se ditasen para garantir o pagamento da débeda tributaria.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores, cando a execución da resolución impugnada poida determinar o recoñecemento do dereito a unha devolución tributaria, procederá a dita execución logo de prestación por parte do obrigado tributario dalgunha das garantías reguladas no artigo 224.2 desta lei.»

Cincuenta e un. Introdúcese un novo artigo 241 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 241 bis. *Recurso de anulación.*

1. Contra as resolucións das reclamacións económico-administrativas, as persoas a que se refire o artigo 241.3 desta lei poderán interpor recurso de anulación

no prazo de 15 días ante o tribunal que ditase a resolución que se impugna, exclusivamente nos seguintes casos:

- a) Cando se declarase incorrectamente a inadmisibilidade da reclamación.
- b) Cando se declarasen inexistentes as alegacións ou probas oportunamente presentadas na vía económico-administrativa.
- c) Cando se alegue a existencia de incongruencia completa e manifesta da resolución.

2. Tamén se poderá interpor recurso de anulación contra o acordo de arquivamento de actuacións a que se refire o artigo 238 desta lei.

3. Non se poderá deducir novamente este recurso fronte á súa resolución. O recurso de anulación non procederá fronte á resolución do recurso extraordinario de revisión.

4. O escrito de interposición incluirá as alegacións e xuntará as probas pertinentes. O tribunal resolverá sen máis trámite no prazo dun mes. En caso contrario, entenderase desestimado.

5. A interposición do recurso de anulación suspenderá o prazo para a interposición do recurso ordinario de alzada que, de ser o caso, proceda contra a resolución impugnada, cuxo cómputo se iniciará de novo o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso de anulación ou o día seguinte a aquel en que se entenda desestimado por silencio administrativo.

Se a resolución do recurso de anulación é estimatoria, o recurso ordinario de alzada que, de ser o caso, proceda interporase contra a citada resolución e o cómputo do prazo para interpoñelo iniciárase o día seguinte ao da notificación da resolución estimatoria.

6. Se a resolución do recurso de anulación o desestima, o recurso que se interpoña tras a resolución do recurso de anulación servirá para impugnar tanto esta resolución como a ditada antes polo tribunal económico-administrativo obxecto do recurso de anulación. Nese recurso poderanse formular tanto as cuestións relativas aos motivos do recurso de anulación como calquera outra relativa ao fondo do asunto e ao acto administrativo inicialmente impugnado.»

Cincuenta e dous. Introdúcese un novo artigo 241 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 241 ter. *Recurso contra a execución.*

1. Os actos de execución das resolucións económico-administrativas axustaranse exactamente aos pronunciamentos daquelas.

2. Se o interesado está descontento cos actos ditados como consecuencia da execución dunha resolución económico-administrativa, poderá presentar este recurso.

3. Será competente para coñecer deste recurso o órgano do tribunal que ditase a resolución que se executa. A resolución ditada poderá establecer os termos concretos en que se deba proceder para dar debido cumprimento á resolución.

4. O prazo de interposición deste recurso será dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado.

5. A tramitación deste recurso efectuarase a través do procedemento abreviado, salvo no suposto específico en que a resolución económico-administrativa ordenase a retroacción de actuacións, caso en que se seguirá polo procedemento abreviado ou xeral que proceda segundo a contía da reclamación inicial. O procedemento aplicable determinará o prazo en que deba ser resolto o recurso.

6. En ningún caso se admitirá a suspensión do acto impugnado cando non se formulen cuestións novas respecto á resolución económico-administrativa que se executa.

7. Non caberá a interposición de recurso de reposición con carácter previo ao recurso contra a execución.

8. O tribunal declarará a inadmisibilidade do recurso contra a execución respecto daquelas cuestións que se susciten sobre temas xa decididos pola resolución que se executa, sobre temas que puidesen ter sido formulados na reclamación cuxa resolución se executa ou cando conorra algún dos supostos a que se refire o artigo 239.4 desta lei.»

Cincuenta e tres. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 242, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As resolucións ditadas polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais e polos órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía que non sexan susceptibles de recurso de alzada ordinario e, de ser o caso, as ditadas polos órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía en única instancia poderán ser impugnadas, mediante o recurso extraordinario de alzada para a unificación de criterio, polos directores xerais do Ministerio de Economía e Facenda e polos directores de departamento da Axencia Estatal de Administración tributaria e polos órganos equivalentes ou asimilados das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía respecto ás materias da súa competencia, cando estimen gravemente danosas e erróneas as ditas resolucións, ou cando apliquen criterios distintos aos contidos en resolucións doutros tribunais económico-administrativos do Estado ou dos órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía.

Cando os tribunais económico-administrativos rexionais ou locais ou os órganos económico-administrativos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía diten resolucións adoptando un criterio distinto ao seguido con anterioridade, deberán facelo constar expresamente nas resolucións.»

«3. A resolución deberá ditarse no prazo de tres meses, respectará a situación xurídica particular derivada da resolución impugnada e fixará a doutrina aplicable.»

Cincuenta e catro. Modifícase o punto 6 do artigo 244, que queda redactado da seguinte forma:

«6. A resolución do recurso extraordinario de revisión ditarase no prazo de seis meses. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimado o recurso.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o título da sección 3.^a do capítulo IV do título V, que pasa a denominarse:

«Procedemento abreviado».

Cincuenta e seis. Modifícase o artigo 245, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 245. *Ámbito de aplicación.*

1. As reclamacións económico-administrativas tramitaranse polo procedemento previsto nesta sección cando sexan de contía inferior á que se determine regulamentariamente.

2. As reclamacións económico-administrativas tramitadas por este procedemento serán resoltas en única instancia polos tribunais económico-administrativos. Para resolver, os tribunais económico-administrativos poderán actuar de forma unipersoal.

3. O procedemento abreviado regularase polo disposto nesta sección, polas normas regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento e, na falta de norma expresa, polo disposto neste capítulo.»

Cincuenta e sete. Modifícase o artigo 246, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 246. *Iniciación.*

1. A reclamación iniciárase mediante escrito, que deberá incluír o seguinte contido:

a) Identificación do reclamante e do acto ou actuación contra o cal se reclama, o domicilio para notificacións e o tribunal ante o cal se interpón.

Nos casos de reclamacións relativas a retencións, ingresos á conta, repercusións, obrigación de expedir e entregar factura ou relacións entre o substituto e o contribuínte, o escrito deberá identificar tamén a persoa impugnada e o seu domicilio.

b) Alegacións que, de ser o caso, se formulen.

Se o reclamante precisa do expediente para formular as súas alegacións, deberá comparecer ante o órgano que ditou o acto impugnado durante o prazo de interposición da reclamación para que se lle poña de manifesto, o que se fará constar no expediente.

Ao escrito de interposición xuntaráse copia do acto que se impugna, así como as probas que se consideren pertinentes.

2. A reclamación dirixirase ao órgano a que se refiren os puntos 3 e 5 do artigo 235 desta lei, e será de aplicación o disposto nos ditos puntos.»

Cincuenta e oito. Modifícase o artigo 247, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 247. *Tramitación e resolución.*

1. O órgano económico-administrativo poderá ditar resolución, incluso con anterioridade a recibir o expediente, sempre que da documentación presentada polo reclamante resulten acreditados todos os datos necesarios para resolver.

2. O prazo máximo para notificar a resolución será de seis meses contados desde a interposición da reclamación. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa, o interesado poderá considerar desestimada a reclamación co obxecto de interpor o recurso procedente.

O órgano económico-administrativo deberá resolver expresamente en todo caso. O prazo para a interposición do recurso que proceda empezará a contarse desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa.

3. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior desde a interposición da reclamación sen se ter notificado resolución expresa e sempre que se acordase a suspensión do acto reclamado, deixará de devindicarse o xuro de demora nos termos previstos no punto 4 do artigo 26 desta lei.»

Cincuenta e nove. Introdúcese un novo título VI, coa seguinte redacción:

«TÍTULO VI

Actuacións e procedementos de aplicación dos tributos en supostos de delito contra a Facenda pública

Artigo 250. *Práctica de liquidacións en caso de existencia de indicios de delitos contra a Facenda pública.*

1. Cando a Administración tributaria aprecie indicios de delito contra a Facenda pública, continuarase a tramitación do procedemento consonte as normas xerais que resulten de aplicación, sen prexuízo de que se pase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remita o expediente ao Ministerio Fiscal, e con suxeición ás regras que se establecen no presente título.

Salvo nos casos a que se refire o artigo seguinte, procederá ditar liquidación dos elementos da obrigación tributaria obxecto de comprobación, separando en liquidacións diferentes aqueles que se encontren vinculados co posible delito contra a Facenda pública e aqueles que non se encontren vinculados co posible delito contra a Facenda pública.

2. A liquidación que, de ser o caso, se dite, referida a aqueles elementos da obrigación tributaria que se encontren vinculados co posible delito contra a Facenda pública, axustarase ao establecido neste título.

Nos supostos a que se refire este punto, a Administración absterase de iniciar ou, de ser o caso, continuar o procedemento sancionador correspondente a estes mesmos feitos. En caso de se ter iniciado un procedemento sancionador, de non ter concluído este con anterioridade, tal conclusión entenderase producida, en todo caso, no momento en que se pase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remita o expediente ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo da posibilidade de iniciar un novo procedemento sancionador nos casos a que se refire o último parágrafo deste punto.

A sentenza condenatoria da autoridade xudicial impedirá a imposición de sanción administrativa polos mesmos feitos.

De non se ter apreciado a existencia de delito, a Administración tributaria iniciará, cando proceda, o procedemento sancionador administrativo de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados.

3. A liquidación que se dite en relación con conceptos tributarios que non se encontren vinculados co posible delito contra a Facenda pública axustarase na súa tramitación ao procedemento ordinario que corresponda, segundo o disposto no capítulo IV do título III desta lei, e suxeitarase ao réxime de revisión establecido no seu título V.

Artigo 251. Excepcións á práctica de liquidacións en caso de existencia de indicios de delito contra a Facenda pública.

1. Cando a Administración tributaria aprecie indicios de delito contra a Facenda pública, pasará o tanto de culpa á xurisdición competente ou remitirá o expediente ao Ministerio Fiscal, e absterase de practicar a liquidación a que se refire o artigo 250.2 desta lei, nos seguintes supostos:

a) Cando a tramitación da liquidación administrativa poida ocasionar a prescrición do delito consonte os prazos previstos no artigo 131 do Código penal.

b) Cando, de resultas da investigación ou comprobación, non se puidese determinar con exactitude o importe da liquidación ou non fose posible atribuíla a un obrigado tributario concreto.

c) Cando a liquidación administrativa puidese prexudicar de calquera forma a investigación ou comprobación da defraudación.

Nos casos anteriormente sinalados, xunto ao escrito de denuncia ou de querela presentado pola Administración tributaria, trasladarase tamén o acordo motivado en que se xustifique a concorrencia dalgunha das circunstancias determinantes da decisión administrativa de non proceder a ditar liquidación.

Nestes casos non se concederá trámite de audiencia ou alegacións ao obrigado tributario.

2. Nos supostos sinalados no punto anterior, a Administración absterase de iniciar ou, de ser o caso, continuar o procedemento administrativo, que quedará suspendido mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivamento das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

Non obstante, en caso de que se iniciase un procedemento sancionador, este entenderase concluído, en todo caso, no momento en que se pase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remita o expediente ao Ministerio Fiscal. Todo isto

sen prexuízo da posibilidade de iniciar un novo procedemento sancionador se finalmente non se aprecia delito e de acordo cos feitos que, de ser o caso, os tribunais considerasen probados.

O pase do tanto de culpa ou a remisión do expediente interromperá os prazos de prescrición do dereito a determinar a débeda tributaria e a impoñer a sanción, de acordo co previsto nos artigos 68.1 e 189.3 desta lei.

A sentenza condenatoria da autoridade xudicial impedirá a imposición de sanción administrativa polos mesmos feitos.

As actuacións do procedemento de comprobación e investigación realizadas durante o período de suspensión respecto dos feitos denunciados consideraranse inexistentes.

3. Nos supostos anteriores, de non se ter apreciado a existencia de delito, a Administración tributaria iniciará ou continuará as súas actuacións de acordo cos feitos que os órganos xurisdicionais considerasen probados no período que reste até a conclusión do prazo a que se refire o artigo 150.1 desta lei, ou no prazo de 6 meses se este último é superior, computados desde a recepción da resolución xudicial ou do expediente devolto polo Ministerio Fiscal polo órgano competente que deba continuar o procedemento.

O cómputo dos prazos de prescrición iniciarase de novo desde a entrada da resolución xudicial no rexistro da Administración tributaria competente.

Artigo 252. *Regularización voluntaria.*

A Administración tributaria non pasará o tanto de culpa á xurisdición competente nin remitirá o expediente ao Ministerio Fiscal salvo que conste que o obrigado tributario non regularizou a súa situación tributaria mediante o completo recoñecemento e pagamento da débeda tributaria antes de que se lle notificase o inicio de actuacións de comprobación ou investigación tendentes á determinación da débeda tributaria obxecto da regularización ou, no caso de que tales actuacións non se producisen, antes de que o Ministerio Fiscal, o avogado do Estado ou o representante procesual da Administración autonómica, foral ou local de que se trate, interpoña querela ou denuncia contra aquela dirixida, ou antes de que o Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lles permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias.

A débeda tributaria enténdese integrada polos elementos a que se refire o artigo 58 desta lei. O obrigado tributario deberá proceder á autoliquidación e ingreso simultáneo tanto da cota como dos xuros de demora e das recargas legalmente devindicados na data do ingreso. Non obstante, cando os tributos regularizados voluntariamente non se exixan polo procedemento de autoliquidación, o obrigado tributario deberá presentar a declaración correspondente e ingresar a totalidade da débeda tributaria liquidada pola Administración no prazo para o pagamento establecido na normativa tributaria.

O disposto neste artigo resultará tamén de aplicación cando a regularización se produciise unha vez prescrito o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria.

Para determinar a existencia do completo recoñecemento e pagamento a que se refire o primeiro parágrafo deste artigo, a Administración tributaria poderá desenvolver as actuacións de comprobación ou investigación que resulten procedentes, mesmo no caso de que afecten períodos e conceptos tributarios respecto dos cales se producise a prescrición regulada no artigo 66.a) desta lei.

Artigo 253. *Tramitación do procedemento de inspección en caso de que proceda practicar liquidación.*

1. Cando a Administración tributaria aprecie indicios de delito contra a Facenda pública e non concorran as circunstancias que impiden ditar liquidación de acordo co artigo 251.1 desta lei, procederá formalizar unha proposta de liquidación

vinculada a delito en que se expresarán os feitos e fundamentos de dereito en que esta se basea.

Esta proposta notificaráselle ao obrigado tributario e concederáselle o trámite de audiencia para que alegue o que conveña ao seu dereito no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao de notificación da proposta.

En ningún caso os defectos procedementais en que se puidese incorrer durante a tramitación administrativa producirán os efectos de extinguir total ou parcialmente a obrigación tributaria vinculada a delito nin os previstos nas letras a) e b) do artigo 150.6 desta lei en relación coas actuacións desenvolvidas pola Administración tributaria tendentes á liquidación da débeda tributaria, sen prexuízo dos que daqueles poidan derivar en caso de devolución do expediente polo Ministerio Fiscal ou en caso de resolución xudicial firme que obligue a practicar o axuste previsto polo artigo 257.2 c) desta lei por non apreciar a existencia de delito contra a Facenda pública.

Unha vez transcorrido o prazo previsto para o trámite de audiencia e examinadas as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano competente ditará unha liquidación administrativa, coa autorización previa ou simultánea do órgano da Administración tributaria competente para interpor a denuncia ou querela, cando considere que a regularización procedente pon de manifesto a existencia dun posible delito contra a Facenda pública.

Unha vez ditada a liquidación administrativa, a Administración tributaria pasará o tanto de culpa á xurisdición competente ou remitirá o expediente ao Ministerio Fiscal e o procedemento de comprobación finalizará, respecto dos elementos da obrigación tributaria regularizados mediante a dita liquidación, coa notificación desta ao obrigado tributario, en que se advertirá que o período voluntario de ingreso só comezará a computarse unha vez que sexa notificada a admisión a trámite da denuncia ou querela correspondente, nos termos establecidos no artigo 255 desta lei.

O pase do tanto de culpa ou a remisión do expediente interromperá os prazos de prescripción do dereito a determinar a débeda tributaria e a impoñer a sanción, de acordo co previsto nos artigos 68.1 e 189.3 desta lei.

2. A inadmisión da denuncia ou querela determinará a retroacción das actuacións inspectoras ao momento anterior a aquel en que se ditou a proposta de liquidación vinculada a delito. Nese caso, procederá a formalización da acta que corresponda, que se tramitará de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

A terminación das actuacións inspectoras seguirá o disposto na subsección 3.^a da sección 2.^a do capítulo IV do título III.

O procedemento deberá finalizar no período que reste desde o momento a que se retrotraian as actuacións até a conclusión do prazo a que se refire o punto 1 do artigo 150 desta lei ou en seis meses, se este último for superior. O citado prazo computarase desde a recepción da resolución xudicial ou do expediente devolto polo Ministerio Fiscal polo órgano competente que deba continuar o procedemento.

Exixiranse xuros de demora pola nova liquidación que poña fin ao procedemento. A data de inicio do cómputo do xuro de demora será a mesma que, de acordo co establecido no punto 2 do artigo 26, correspondería á liquidación anulada e o xuro devindicarase até o momento en que se ditase a nova liquidación.

Nestes casos, iniciarase o cómputo dos prazos de prescripción do dereito a determinar a débeda e a impoñer a sanción de acordo co indicado no artigo 68.7 desta lei.

3. Nos casos en que, por un mesmo concepto impositivo e período, caiba distinguir elementos en que se aprecia unha conduta dolosa que poida ser determinante dun delito contra a Facenda pública, xunto con outros elementos e contías para regularizar respecto dos cales non se aprecia esa conduta dolosa, efectuaranse dúas liquidacións de forma separada.

Para efectos da cuantificación de ambas as liquidacións, formalizarase unha proposta de liquidación vinculada ao delito e unha acta de inspección, de acordo coas seguintes regras:

a) A proposta de liquidación vinculada a delito comprenderá os elementos que fosen obxecto de declaración, de ser o caso, aos cales se sumarán todos aqueles elementos en que se aprecie dolo, e restaranse os axustes a favor do obrigado tributario a que este poida ter dereito, así como as partidas para compensar ou deducir na base ou na cota que lle correspondan adicionalmente. Se a declaración presentada determinase unha cota para ingresar, esta descontarase para o cálculo desta proposta de liquidación.

b) A proposta de liquidación contida na acta comprenderá a totalidade dos elementos comprobados, con independencia de que estean ou non vinculados co posible delito, e deducirase a cantidade resultante da proposta de liquidación a que se refire o parágrafo anterior.

Non obstante, o obrigado tributario poderá optar pola aplicación dun sistema de cálculo de ambas as cotas baseado na aplicación proporcional das partidas para compensar ou deducir na base ou na cota, nos termos que se determinen regulamentariamente. Esta opción deberá comunicarse á Administración no prazo de alegacións posterior á notificación da proposta de liquidación vinculada ao delito.

Artigo 254. *Impugnación das liquidacións.*

1. Fronte á liquidación administrativa ditada como consecuencia do disposto no artigo 250.2 desta lei, non procederá recurso ou reclamación en vía administrativa, sen prexuízo do axuste que proceda consonte o que se determine no proceso penal, de acordo co disposto no artigo 305 do Código penal e no 257 desta lei. Corresponderalle ao xuíz penal determinar en sentenza a cota defraudada vinculada aos delitos contra a Facenda pública que fose liquidada ao abeiro do previsto no punto 5 do artigo 305 do Código penal e no título VI desta lei.

En ningún caso os defectos procedementais en que se puidese incorrer durante a tramitación administrativa producirán os efectos de extinguir total ou parcialmente a obrigación tributaria vinculada a delito nin os previstos nas letras a) e b) do artigo 150.6 desta lei en relación coas actuacións desenvolvidas pola Administración tributaria tendentes á liquidación da débeda tributaria.

2. Fronte á liquidación que resulte da regularización dos elementos e contías que non se encontren vinculados co posible delito, caberá interpor os recursos e reclamacións previstos no título V desta lei.

Artigo 255. *Recadación da débeda liquidada en caso de existencia de indicios de delito contra a Facenda pública.*

Nos supostos a que se refire o artigo 250.2 desta lei, a existencia do procedemento penal por delito contra a Facenda pública non paralizará as actuacións administrativas dirixidas ao cobramento da débeda tributaria liquidada, salvo que o xuíz acordase a suspensión das actuacións de execución.

As actuacións administrativas dirixidas ao cobramento a que se refire o parágrafo anterior rexeranse polas normas xerais establecidas no capítulo V do título III desta lei, salvo as especialidades establecidas no presente título.

Unha vez que conste admitida a denuncia ou querela por delito contra a Facenda pública, a Administración tributaria notificaralle ao obrigado tributario o inicio do período voluntario de pagamento e requirirao para que realice o ingreso da débeda tributaria liquidada nos prazos a que se refire o artigo 62.2 desta lei.

Artigo 256. *Causas de oposición fronte ás actuacións de recadación.*

Fronte aos actos do procedemento de recadación desenvolvidos para o cobramento da débeda tributaria liquidada conforme o disposto no artigo 250.2

desta lei, só serán opoñibles os motivos previstos nos artigos 167.3, 170.3 e 172.1 segundo parágrafo desta lei, e a súa revisión realizarase conforme o disposto no título V desta lei.

Artigo 257. Efectos da resolución xudicial sobre a liquidación tributaria.

1. A liquidación ditada pola Administración tributaria nos supostos a que se refire o artigo 250.2 desta lei axustarase ao que se determine finalmente no proceso penal en relación coa existencia e coa contía da defraudación.

2. O axuste realizarase da seguinte forma:

a) Se no proceso penal se dita sentenza condenatoria por delito contra a Facenda pública e no dito proceso se determina unha cota defraudada idéntica á liquidada en vía administrativa, non será necesario modificar a liquidación realizada, sen prexuízo da liquidación dos xuros de demora e das recargas que correspondan.

Se a contía defraudada que se determina no proceso penal difire, en máis ou en menos, da fixada en vía administrativa, a liquidación ditada ao abeiro do artigo 250.2 desta lei deberá modificarse. Neste caso, subsistirá o acto inicial, que será rectificado de acordo co contido da sentenza para axustarse á contía fixada no proceso penal como cota defraudada.

Esta modificación, practicada pola Administración tributaria ao abeiro do disposto no parágrafo anterior, non afectará a validez das actuacións recadatorias realizadas, respecto da contía confirmada no proceso penal.

O acordo de modificación trasladarase ao tribunal competente para a execución, ao obrigado ao pagamento e ás demais partes comparecidas no procedemento penal.

Se a contía defraudada que se determinou no proceso penal é inferior á fixada en vía administrativa, serán de aplicación as normas xerais establecidas para o efecto na normativa tributaria en relación coas devolucións de ingresos e o reembolso do custo das garantías.

b) Se no proceso penal non se aprecia finalmente a existencia de delito por inexistencia da obrigación tributaria, a liquidación administrativa será anulada e serán de aplicación as normas xerais establecidas para o efecto na normativa tributaria en relación coas devolucións de ingresos e o reembolso do custo das garantías.

c) Se no proceso penal se dita resolución firme e non se aprecia delito por motivo diferente á inexistencia da obrigación tributaria, procederá a retroacción das actuacións inspectoras ao momento anterior en que se ditou a proposta de liquidación vinculada a delito prevista no artigo 253.1 desta lei, tendo en conta os feitos que o órgano xudicial considerase probados, e a formalización da acta, que se tramitará de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

A terminación das actuacións inspectoras seguirá o disposto na subsección 3.^a da sección 2.^a do capítulo IV do título III desta lei.

O procedemento deberá finalizar no período que reste desde o momento a que se retrotraian as actuacións até a conclusión do prazo a que se refire o punto 1 do artigo 150 desta lei ou en seis meses, se este último for superior. O citado prazo computarase desde a recepción do expediente polo órgano competente para o restablecemento das actuacións.

Exixiranse xuros de demora pola nova liquidación que poña fin ao procedemento. A data de inicio do cómputo do xuro de demora será a mesma que, de acordo co establecido no punto 2 do artigo 26, correspondería á liquidación anulada e o xuro devindicarase até o momento en que se ditase a nova liquidación.

Esta liquidación suxeitarase ao réxime de revisión e recursos propios de toda liquidación tributaria regulado no título V desta lei, pero non se poderán impugnar os feitos considerados probados na sentenza xudicial.

Nestes casos, iniciárase o cómputo do prazo de prescrición do dereito a determinar a débeda e a impoñer a sanción, de acordo co indicado no artigo 68.7 desta lei.

Artigo 258. *Responsables.*

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria liquidada conforme o preceptuado no artigo 250.2 desta lei os que fosen causantes ou colaborasen activamente na realización dos actos que dean lugar á dita liquidación e se encontren imputados no proceso penal iniciado polo delito denunciado ou fosen condenados como consecuencia do citado proceso.

Os datos, probas ou circunstancias que consten ou fosen obtidos no procedemento de liquidación e que vaian ser tidos en conta no procedemento para exixir a responsabilidade establecida neste artigo, deberanse incorporar formalmente a el antes da proposta de resolución.

2. En relación coas liquidacións a que se refire o artigo 250.2 desta lei, tamén resultarán de aplicación os supostos de responsabilidade regulados no artigo 42.2 desta lei.

3. No recurso ou reclamación contra o acordo que declare a responsabilidade prevista no punto 1 anterior só se poderá impugnar o alcance global da citada responsabilidade.

4. Se no proceso penal se acorda o sobresemento ou absolución respecto de calquera dos responsables a que se refire o punto 1, a declaración da súa responsabilidade será anulada e serán de aplicación as normas xerais establecidas na normativa tributaria en relación coas devolucións e co reembolso do custo de garantías.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 68.8 desta lei, nos supostos de responsabilidade a que se refire o punto 1, unha vez interrompido o prazo de prescrición para un obrigado tributario, o dito efecto esténdese a todos os demais obrigados, incluídos os responsables.

6. A competencia para ditar os acordos de declaración de responsabilidade nos supostos regulados nos puntos 1 e 2 corresponderá ao órgano de recadación.

7. O prazo do procedemento de declaración de responsabilidade entenderase suspendido durante o período de tempo que transcorra desde a presentación da denuncia ou querela ante o Ministerio Fiscal ou o órgano xudicial até a imputación formal dos encausados.

Ás medidas cautelares adoptadas durante a tramitación do procedemento de declaración de responsabilidade previsto neste artigo seralles de aplicación o previsto no artigo 81.6.e) desta lei.

Artigo 259. *Especialidades na liquidación da débeda alfandegueira en supostos de delito contra a Facenda pública.*

1. A aplicación do establecido no presente título VI respecto dos tributos que integran a débeda alfandegueira prevista na normativa da Unión Europea efectuarase coas especialidades que se describen nos seguintes puntos deste artigo.

2. A Administración tributaria unicamente se absterá de practicar a liquidación a que se refire o artigo 250.2 desta lei nos casos previstos nas alíneas b) e c) do artigo 251.1 desta lei.

3. Cando se pase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remita o expediente ao Ministerio Fiscal, o prazo para a liquidación e notificación da débeda alfandegueira ao debedor rexerese polas seguintes normas:

a) Cando, consonte o previsto no punto 2 deste artigo, sexa posible a liquidación da débeda alfandegueira, procederáse á súa práctica e notificación nos prazos de cinco ou dez anos previstos para a prescrición do delito contra a Facenda da Unión Europea, computados desde o nacemento da débeda.

b) Cando, consonte o previsto no punto 2 deste artigo, non sexa posible a liquidación da débeda alfandegueira ou ben a liquidación practicada deba axustarse á contía fixada no proceso penal, o prazo para practicar a liquidación e notificar a débeda ao debedor será de tres anos e computarase desde o momento en que a autoridade xudicial incoe a causa sen segredo para as partes comparecidas ou, de ser o caso, desde o momento en que alcance firmeza a resolución xudicial que poña fin ao procedemento penal.

4. O disposto nos artigos 251 e 253 desta lei en relación coa interrupción de prazos ou procedementos non resultará de aplicación nos supostos do punto 3.b) deste artigo.

5. Na tramitación do procedemento de inspección, cando proceda ditar a liquidación a que se refire o artigo 250.2 desta lei, a aplicación do artigo 253 efectuarase conforme as seguintes regras:

a) Cando a tramitación da liquidación administrativa poida ocasionar a prescrición do delito consonte os prazos previstos no artigo 131 do Código penal, a remisión do tanto de culpa á xurisdición competente ou do expediente ao Ministerio Fiscal poderase realizar con carácter previo á práctica da liquidación administrativa.

b) Nos casos en que a Administración tributaria se abstivese de practicar liquidación consonte o disposto na letra c) do punto 1 do artigo 251 desta lei, a tramitación do procedemento administrativo restablecerase no momento en que a autoridade xudicial incoe a causa sen segredo para as partes comparecidas.

c) O período voluntario para o ingreso da liquidación que se practique comezará a computarse a partir da súa notificación e realizarase nos prazos previstos na normativa da Unión Europea. O obrigado tributario poderá solicitar a suspensión da execución da liquidación até a admisión da denuncia ou querela, prestando garantía ou solicitando dispensa total ou parcial desta cando xustifique a imposibilidade de achegala e que a execución poida causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

d) Nos supostos do artigo 253.2 desta lei, a inadmisión da denuncia ou querela non implicará a anulación da liquidación administrativa. A Administración tributaria concederá trámite de audiencia en que o interesado poderá solicitar a consideración daquelas cuestións afectadas polas limitacións previstas no punto 1 do artigo 253 desta lei. Á vista das alegacións, a Administración tributaria ditará resolución na cal manterá inalterada a liquidación da débeda alfandegueira que se practicase ou rectificaraa se procede, e manteranse os actos de recadación previamente realizados, sen prexuízo, de ser o caso, de adaptar as contías das trabas e embargos realizados. A revisión da dita resolución rexerese polo disposto no título V desta lei.

6. Nos supostos a que se refire o artigo 257.2.c) desta lei, aplicarase o disposto no punto 5.d) deste artigo.»

Sesenta. Introdúcese un novo título VII, coa seguinte redacción:

«TÍTULO VII

Recuperación de axudas de Estado que afecten o ámbito tributario

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 260. *Disposicións xerais.*

1. Corresponde á Administración tributaria a realización das actuacións necesarias para a execución das decisións de recuperación de axudas de Estado que afecten o ámbito tributario.

2. Considérase aplicación dos tributos o exercicio das actividades administrativas necesarias para a execución das decisións de recuperación de axudas de Estado que afecten o ámbito tributario, así como as actuacións dos obrigados no exercicio dos seus dereitos ou en cumprimento das súas obrigacións tributarias derivados das ditas decisións.

3. Ademais de nos supostos a que se refiren os puntos anteriores deste artigo, o disposto neste título resultará de aplicación en calquera suposto en que, en cumprimento do dereito da Unión Europea, resulte procedente exixir o reintegro de cantidades percibidas en concepto de axudas de Estado que afecten o ámbito tributario.

Artigo 261. *Procedementos de execución de decisións de recuperación de axudas de Estado.*

1. Son procedementos de execución de decisións de recuperación de axudas de Estado os seguintes:

a) Procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigaón tributaria afectados pola decisión.

b) Procedemento de recuperación noutros supostos.

2. A execución das decisións de recuperación de axudas de Estado tamén se poderá levar a cabo mediante o procedemento de inspección regulado na sección 2.^a do capítulo IV do título III cando o alcance do dito procedemento exceda o disposto no artigo 265.1 desta lei.

Nestes casos, procederá ditar liquidación dos elementos da obrigaón tributaria obxecto de comprobación, separando en liquidacións diferentes aqueles a que se refira a decisión e aqueles que non estean vinculados a ela.

Artigo 262. *Prescripción.*

1. Prescribirá aos dez anos o dereito da Administración para determinar e exixir o pagamento da débeda tributaria que, de ser o caso, resulte da execución da decisión de recuperación.

2. O prazo de prescripción empezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que a aplicación da axuda de Estado, en cumprimento da obrigaón tributaria obxecto de regularización, producise efectos xurídicos conforme a normativa tributaria.

3. O prazo de prescripción interrómpese:

a) Por calquera actuación da Comisión ou da Administración tributaria por petición da Comisión que estea relacionada coa axuda de Estado.

b) Por calquera acción da Administración tributaria, realizada con coñecemento formal do obrigado tributario, conducente ao recoñecemento, regularización, comprobación, inspección, aseguramento e liquidación da débeda tributaria derivada daqueles elementos afectados pola decisión de recuperación, ou á exixencia do seu pagamento.

c) Por calquera actuación fidedigna do obrigado tributario conducente á liquidación ou pagamento da débeda tributaria ou pola interposición dos recursos procedentes.

4. O prazo de prescripción suspenderase durante o tempo en que a decisión de recuperación sexa obxecto dun procedemento ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 263. *Efectos da execución da decisión de recuperación.*

1. Cando existise unha resolución ou liquidación previa practicada pola Administración tributaria en relación coa obrigaón tributaria afectada pola decisión

de recuperación da axuda de Estado, a execución da dita decisión determinará a modificación da resolución ou liquidación, aínda que sexa firme.

2. Os xuros de demora rexeranse polo disposto na normativa da Unión Europea.

Artigo 264. *Recursos contra o acto de execución.*

A resolución ou liquidación derivada da execución da decisión de recuperación será susceptible de recurso de reposición e, de ser o caso, de reclamación económico-administrativa, nos termos previstos nesta lei.

Se a resolución ou liquidación se somete a revisión de acordo co punto anterior, só será admisible a suspensión da execución dos actos administrativos mediante a achega de garantía consistente en depósito de diñeiro na Caixa Xeral de Depósitos.

CAPÍTULO II

Procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigaçión tributaria afectados pola decisión de recuperación

Artigo 265. *Recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigaçión tributaria afectados pola decisión de recuperación.*

1. No procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigaçión tributaria afectados pola decisión, a Administración tributaria limitarase á comprobación daqueles elementos da obrigaçión a que se refire a dita decisión.

2. Neste procedemento, a Administración tributaria poderá realizar unicamente as seguintes actuacións:

- a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións e dos xustificantes presentados ou que se requiran para o efecto.
- b) Exame dos datos e antecedentes en poder da Administración tributaria.
- c) Exame dos rexistros e demais documentos exixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial, incluída a contabilidade mercantil, así como o exame das facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en tales libros, rexistros ou documentos.
- d) Requirimentos de información a terceiros.

3. As actuacións do procedemento poderán realizarse fóra das oficinas da Administración tributaria e, para este efecto, serán de aplicación as regras contidas nos artigos 142.2 e 151 desta lei.

4. O exame dos documentos e as actuacións referidas nos puntos anteriores entenderanse efectuados para os únicos efectos de determinar a procedencia da recuperación da axuda de Estado, sen que impida nin limite a ulterior comprobación dos mesmos feitos ou documentos.

Artigo 266. *Inicio.*

1. O procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigaçión tributaria afectados pola decisión iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, que se determinará nas normas de organización específica da Administración tributaria.

2. O inicio das actuacións do procedemento deberá notificarse aos obrigados tributarios mediante comunicación que deberá expresar a natureza e alcance delas e informará sobre os seus dereitos e obrigaçións no curso de tales actuacións.

Cando os datos en poder da Administración tributaria sexan suficientes para formular a proposta de liquidación, o procedemento poderá iniciarse mediante a notificación da dita proposta.

Artigo 267. Tramitación.

1. As actuacións do procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigação tributaria afectados pola decisión documentaranse nas comunicacións e dilixencias a que se refire o punto 7 do artigo 99 desta lei.

2. Os obrigados tributarios deberán atender á Administración tributaria e prestarlle a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións.

O obrigado tributario que fose requirido deberá comparecer no lugar, día e hora sinalados para a práctica das actuacións, e deberá achegar ou ter á disposición da Administración a documentación e os demais elementos solicitados.

3. Con carácter previo á práctica da liquidación provisional, a Administración tributaria deberá comunicar ao obrigado tributario a proposta de liquidación para que, nun prazo de 10 días, alegue o que conveña ao seu dereito.

Artigo 268. Terminación.

1. O procedemento de recuperación en supostos de regularización dos elementos da obrigação tributaria afectados pola decisión terminará dalgunha das seguintes formas:

a) Por resolución expresa da Administración tributaria, que deberá incluír, ao menos, o seguinte contido:

1.º Elementos da obrigação tributaria afectados pola decisión de recuperación e ámbito temporal obxecto das actuacións.

2.º Relación de feitos e fundamentos de dereito que motiven a resolución.

3.º Liquidación provisional ou, de ser o caso, manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da decisión de recuperación.

b) Polo inicio dun procedemento inspector que inclúa o obxecto do procedemento de recuperación.

2. O incumprimento do prazo de duración do procedemento regulado no artigo 104 desta lei non determinará a caducidade do procedemento, que continuará até a súa terminación. Neste caso, non se considerará interrompida a prescripción como consecuencia das actuacións administrativas desenvolvidas durante o dito prazo.

Nestes supostos, entenderase interrompida a prescripción pola realización de actuacións con coñecemento formal do interesado con posterioridade á finalización do prazo a que se refire o parágrafo anterior.

3. Cando unha resolución xudicial aprecie defectos formais e ordene a retroacción das actuacións administrativas, estas deberán finalizar no período que reste desde o momento a que se retrotraian as actuacións até a conclusión do prazo a que se refire o artigo 104 desta lei ou no prazo de tres meses, se este último for superior. O citado prazo computarase desde a recepción do expediente polo órgano competente para o restablecemento do procedemento de recuperación de axudas de Estado.

CAPÍTULO III**Procedemento de recuperación noutros supostos****Artigo 269. Procedemento de recuperación noutros supostos.**

1. Cando a execución da decisión de recuperación non implique a regularización dunha obrigação tributaria, o procedemento que se debe seguir será o regulado neste capítulo.

2. Para a execución da decisión de recuperación o órgano competente terá as facultades que se recoñecen á Administración tributaria no artigo 162 desta lei, cos requisitos alí establecidos.

Artigo 270. *Inicio.*

O procedemento de recuperación iniciárase de oficio.

O inicio das actuacións do procedemento deberáselles notificar aos obrigados tributarios mediante comunicación que deberá expresar a súa natureza e informará dos seus dereitos e obrigacións no curso daquelas.

A comunicación de inicio conterá a proposta de resolución e concederáselle prazo de dez días ao obrigado tributario para que alegue o que conveña ao seu dereito.

Artigo 271. *Terminación.*

1. O procedemento de recuperación terminará por resolución expresa da Administración tributaria, que deberá notificarse no prazo de catro meses desde a data de notificación ao obrigado tributario do inicio do procedemento, salvo que a decisión de recuperación estableza un prazo distinto, e será de aplicación o disposto no artigo 268.2 desta lei.

2. A resolución que poña fin ao procedemento deberá incluír, ao menos, o seguinte contido:

a) Acordo de modificación, no sentido da decisión de recuperación, da resolución previamente ditada pola Administración ou, de ser o caso, manifestación expresa de que non procede modificación ningunha como consecuencia da decisión de recuperación.

b) Relación de feitos e fundamentos de dereito que motiven a resolución.

c) Liquidación no suposto de que a execución da decisión de recuperación determine a existencia de débeda tributaria, en particular, procedente da devindicación de xuros de demora conforme o establecido no artigo 263.2 desta lei.

3. Cando unha resolución xudicial aprecie defectos formais e ordene a retroacción das actuacións administrativas, estas deberán finalizar no período que reste desde o momento a que se retrotraian as actuacións até a conclusión do prazo a que se refire o punto 1, ou no prazo de dous meses, se este último for superior. O citado prazo computarase desde a recepción do expediente polo órgano competente para o restablecemento do procedemento de recuperación de axudas de Estado.»

Sesenta e un. Modifícase o punto 4 da disposición adicional sexta, que queda redactado da seguinte forma:

«4. A publicación da revogación do número de identificación fiscal asignado no «Boletín Oficial del Estado» determinará a perda de validez para efectos identificativos do dito número no ámbito fiscal.

Así mesmo, a publicación anterior determinará que as entidades de crédito non realicen cargos ou aboamentos nas contas ou depósitos bancarios en que consten como titulares ou autorizados os titulares dos ditos números revogados, salvo que se rehabilite o dito número ou se asigne un novo número de identificación fiscal.

Cando a revogación se refira a unha entidade, a publicación anterior tamén determinará que o rexistro público en que estea inscrita, en función do tipo de entidade de que se trate, estenda na folla aberta á entidade a que afecte revogación unha nota marxinal en que se fará constar que, no sucesivo, non se poderá realizar ningunha inscrición que afecte esta, salvo que se rehabilite o dito número ou se asigne un novo número de identificación fiscal.

O disposto neste punto non impedirá á Administración tributaria exixir o cumprimento das obrigacións tributarias pendentes. Non obstante, a admisión das

autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou escritos en que conste un número de identificación fiscal revogado quedará condicionada, nos termos regulamentariamente establecidos, á rehabilitación do citado número de identificación fiscal ou, de ser o caso, á obtención dun novo número.»

Sesenta e dous. Modifícase a disposición adicional décima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décima. *Exacción da responsabilidade civil e multa por delito contra a Facenda pública.*

1. Nos procedementos por delito contra a Facenda pública, a responsabilidade civil, que comprenderá o importe da débeda tributaria que a Administración tributaria non liquidase por prescrición ou outra causa legal nos termos previstos nesta lei, incluídos os seus xuros de demora, xunto á pena de multa, exixirase polo procedemento administrativo de constrinximento.

2. Unha vez que sexa firme a sentenza, o xuíz ou tribunal a que competa a execución remitirá testemuño aos órganos da Administración tributaria e ordenará que se proceda á súa exacción. Procederase da mesma forma cando o xuíz ou tribunal acordasen a execución provisional dunha sentenza impugnada.

3. Cando se acordase o fraccionamento de pagamento da responsabilidade civil ou da multa, conforme o artigo 125 do Código penal, o xuíz ou tribunal comunicarllo á Administración tributaria. Neste caso, o procedemento de constrinximento iniciarase de se incumpriren os termos do fraccionamento.

4. A Administración tributaria informará o xuíz ou tribunal sentenciador, para os efectos do artigo 117.3 da Constitución española, da tramitación e, de ser o caso, dos incidentes relativos á execución encomendada.»

Sesenta e tres. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Tributos integrantes da débeda alfandegueira.*

1. Conforme o derivado do artigo 7.1, o disposto nesta lei será de aplicación respecto dos tributos que integran a débeda alfandegueira prevista na normativa da Unión Europea, en canto non se opoña a ela. En particular, resultará de aplicación o disposto nos parágrafos seguintes:

a) As liquidacións da débeda alfandegueira, calquera que sexa o procedemento de aplicación dos tributos en que se practicasen, terán carácter provisional mentres non transcorra o prazo máximo previsto na normativa da Unión Europea para a súa notificación ao obrigado tributario. O carácter provisional das ditas liquidacións non impedirá, en ningún caso, a posible regularización posterior da obrigação tributaria cando se dean as condicións previstas na normativa da Unión Europea.

b) Nos procedementos de aplicación dos tributos, os efectos do incumprimento do prazo máximo para ditar resolución e da falta de resolución serán os previstos na normativa da Unión Europea. No suposto de non preverse nela o efecto do silencio administrativo, este considerárase sempre negativo. Así mesmo, non procederá declarar, en ningún caso, a caducidade do procedemento, salvo que transcorra o prazo máximo previsto na normativa da Unión Europea para notificar a débeda ao obrigado tributario.

c) A comprobación de valores regulada na subsección 4.^a da sección 2.^a do capítulo III do título III desta lei non será de aplicación cando se trate de determinar o valor en alfándega, e resultará de aplicación o disposto na normativa da Unión Europea.

2. A revisión dos actos de aplicación dos tributos que integran a débeda alfandegueira, naqueles casos en que a normativa da Unión Europea reserve á

Comisión a emisión dunha decisión favorable en relación coa non contracción a posteriori, a condonación ou a devolución da débeda alfandegueira, efectuarase coas especialidades que se describen nos seguintes puntos:

a) Cando o acto de aplicación dos tributos fose sometido a unha decisión da Comisión, o órgano revisor nacional competente, desde o momento en que teña coñecemento da dita circunstancia, suspenderá o procedemento de revisión até que se ditase a resolución da dita Comisión e esta adquirise firmeza.

b) Cando o acto de aplicación dos tributos estea vinculado a unha decisión adoptada pola Comisión, a revisión non se poderá estender ao contido da dita decisión.

c) Cando o acto de aplicación dos tributos fose ditado sen someter a posible non contracción a posteriori, condonación ou devolución da débeda alfandegueira á decisión da Comisión e o órgano revisor considere, conforme o disposto na normativa da Unión Europea, que procede tal sometemento, suspenderá o procedemento e instará a Administración tributaria para que someta o asunto á Comisión.

d) O anterior enténdese sen prexuízo do dereito dos interesados á interposición dos recursos que procedan contra as decisións da Comisión ante as institucións competentes da Unión Europea e da eventual formulación polos órganos nacionais revisores competentes dunha cuestión pre-xudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.»

Sesenta e catro. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Suspensión en supostos de tramitación de procedementos amigables.*

En caso de que, de conformidade co disposto na disposición adicional primeira.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, se simultanee un procedemento amigable en materia de imposición directa previsto nos convenios ou tratados internacionais cun procedemento de revisión dos regulados no título V desta lei, suspenderase este último até que finalice o procedemento amigable.»

Sesenta e cinco. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Obrigacións de información e de dilixencia debida relativas a contas financeiras no ámbito da asistencia mutua.*

1. As institucións financeiras deberán identificar a residencia das persoas que teñan a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras, e subministrar información á Administración tributaria respecto de tales contas, conforme o disposto na Directiva 2011/16/UE, do Consello, do 5 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade, modificada pola Directiva 2014/107/UE do Consello, do 9 de decembro de 2014, polo que se refire á obrigatoriedade do intercambio automático de información no ámbito da fiscalidade, e ao disposto no Acordo multilateral entre autoridades competentes sobre intercambio automático de información de contas financeiras.

Así mesmo, as persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras estarán obrigadas a identificar a súa residencia fiscal ante as institucións financeiras en que se encontren abertas as citadas contas. Desenvolveranse regulamentariamente as obrigacións de identificación de residencia e subministración de información, así como as normas de dilixencia debida que deberán aplicar as institucións financeiras respecto das contas financeiras abertas nelas para identificar a residencia fiscal das persoas que teñan a titularidade ou o control daquelas.

2. As infraccións e sancións derivadas do incumprimento da obrigaón de subministración de información prevista no punto 1 desta disposición adicional regularanse polo disposto no título IV desta lei.

3. Constitúe infracción tributaria o incumprimento da obrigaón de identificar a residencia das persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras conforme as normas de dilixencia debida a que se refire o punto 1 desta disposición adicional, sempre que tal incumprimento non determine o incumprimento da obrigaón de subministración de información respecto das citadas contas.

Constitúe infracción tributaria comunicar á institución financeira datos falsos, incompletos ou inexactos en relación coas declaracións que resulten exhibibles ás persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras para a identificación da súa residencia fiscal, cando diso derive a incorrecta identificación da residencia fiscal das citadas persoas.

4. A infracción tributaria sinalada no primeiro parágrafo do punto anterior considerarase como grave e será sancionada con multa fixa de 200 euros por cada persoa respecto da cal se producise o incumprimento.

A infracción tributaria sinalada no segundo parágrafo do punto anterior considerarase como grave e será sancionada con multa fixa de 300 euros.

5. En relación coas declaracións que resulten exhibibles ás persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras abertas a partir do 1 de xaneiro de 2016 para a identificación da súa residencia fiscal para os efectos previstos nesta disposición adicional, a súa falta de achega á institución financeira no prazo de 90 días desde que se solicitase a apertura da conta determinará que esta non realice cargos, aboamentos nin calquera outra operación nela até o momento da súa achega.

6. As probas documentais, as declaracións que resulten exhibibles ás persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras e demais información utilizada en cumprimento das obrigaóns de información e de dilixencia debida a que se refire esta disposición adicional deberán estar á disposición da Administración tributaria até a finalización do cuarto ano seguinte a aquel en que se produza o peche da conta financeira.

7. Toda institución financeira obrigada a comunicar información conforme a Directiva 2011/16/UE deberá comunicar a cada persoa física suxeita a comunicación de información que a información sobre ela a que se refire o punto 3 bis do artigo 8 da Directiva 2011/16/UE será comunicada á Administración tributaria e transferida ao Estado membro que corresponda consonte a citada directiva. Esta comunicación debe realizarse antes do 31 de xaneiro do ano natural seguinte ao primeiro ano en que a conta sexa unha conta suxeita a comunicación de información.

8. O disposto nos puntos 5 e 6 será igualmente de aplicación en relación coas obrigaóns de información e de dilixencia debida relativas a contas financeiras conforme o disposto no Acordo entre os Estados Unidos de América e o Reino de España para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a implementación da Foreign Account Tax Compliance Act - FATCA.

Así mesmo, no caso de contas abertas durante o ano 2015 respecto das cales, en 1 de xaneiro de 2016, non se achegasen as declaracións a que se refire o punto 5, a súa falta de achega á institución financeira no prazo de 60 días desde a dita data determinará que esta non realice cargos, aboamentos nin calquera outra operación nela até o momento da súa achega.»

Disposición adicional primeira. *Controversias de organismos públicos en materia tributaria.*

O establecido na disposición adicional única da Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado, non resultará de aplicación ás controversias que tivesen a súa orixe en cuestións relativas á aplicación do sistema tributario ou alfandegueiro e as relativas a procedementos cuxa xestión estivese encomendada á Administración tributaria.

Disposición adicional segunda. *Referencias ao ministro de Economía e Facenda ou Ministerio de Economía e Facenda.*

As referencias contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ao ministro ou Ministerio de Economía e Facenda deberán entenderse realizadas ao ministro ou Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou de Economía e Competitividade, segundo proceda en atención ao ámbito competencial de que se trate.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. A nova redacción do punto 3 do artigo 15 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable aos períodos impositivos cuxo período de liquidación finalice despois da data de entrada en vigor desta lei.

2. O disposto no artigo 66 bis, nos puntos 1 e 2 do artigo 115, e no punto 3 do artigo 70, nas redaccións dadas por esta lei, resultará de aplicación nos procedementos de comprobación e investigación xa iniciados no momento da súa entrada en vigor nos cales, na dita data, non se formalizase proposta de liquidación.

3. A nova redacción do punto 9 do artigo 68 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable a aqueles casos en que a interrupción do prazo de prescrición do dereito a que se refire a alínea a) do artigo 66 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se produza a partir da data de entrada en vigor desta lei.

4. A determinación da concorrencia dos requisitos necesarios para a inclusión na primeira listaxe que se elabore en aplicación do artigo 95 bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, tomará como data de referencia o 31 de xullo de 2015. Esta primeira listaxe publicárase durante o último trimestre do ano 2015.

5. A nova redacción do punto 1 do artigo 135 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable ás solicitudes de taxación pericial contraditoria que se presenten a partir da data de entrada en vigor desta lei.

6. A nova redacción dos puntos 1 a 6 do artigo 150 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable a todos os procedementos de inspección que se inicien a partir da data de entrada en vigor desta lei.

Non obstante, a nova redacción do punto 7 do artigo 150 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable a todas as actuacións inspectoras en que a recepción do expediente polo órgano competente para a execución da resolución como consecuencia da retroacción que se ordenase se produza a partir da entrada en vigor desta lei.

7. As modificacións operadas por esta lei no capítulo IV do título V da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, serán de aplicación do seguinte modo:

a) A nova redacción dos artigos 229.6, 230, 234.2, 235.5, 241 ter, 242 e 245 a 247 será de aplicación ás reclamacións e recursos interpostos desde a súa entrada en vigor.

b) A nova redacción dos artigos 233.7 e 241.3 será de aplicación ás solicitudes de suspensión que se formulen desde a súa entrada en vigor.

c) A nova redacción do artigo 235.1 será de aplicación ás resolucións expresas que se diten desde a súa entrada en vigor.

d) A posta de manifesto electrónica prevista no artigo 236.1 entrará en vigor cando así se dispoña en orde ministerial, que será obxecto de publicación na sede electrónica dos tribunais económico-administrativos.

e) A nova redacción do artigo 239.6 será de aplicación ás resolucións que se diten desde a súa entrada en vigor.

8. O disposto no título VI da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, resultará de aplicación nos procedementos iniciados con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei en que, concorrendo os indicios a que se refire o artigo 250.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na dita data aínda non se producise o pase do tanto de culpa á xurisdición competente ou a remisión do expediente ao Ministerio Fiscal.

9. A Administración tributaria poderá declarar responsables conforme o disposto no artigo 258 da Lei 58/2003, do 17 decembro, xeral tributaria, aquelas persoas que, concorrendo os presupostos regulados no dito precepto, tivesen a condición de causante ou colaborador na realización dunha infracción tributaria cuxa comisión non se puidese declarar formalmente con anterioridade á entrada en vigor desta lei como consecuencia da tramitación dun proceso penal por delito contra a Facenda pública.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Salvo o establecido na disposición transitoria única desta lei, no momento da súa entrada en vigor quedarán derogadas todas as disposicións que se opoñan ao establecido nela.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuízamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei de axuízamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882:

Un. Engádesse un novo artigo 614 bis, coa seguinte redacción:

«Unha vez iniciado o proceso penal por delito contra a Facenda pública, o xuíz do penal decidirá acerca das pretensións referidas ás medidas cautelares adoptadas ao abeiro do artigo 81 da Lei xeral tributaria.»

Dous. Engádesse un novo título X bis no libro II, integrado polos artigos 621 bis e 621 ter, coa seguinte redacción:

«TÍTULO X BIS

Das especialidades nos delitos contra a Facenda pública

Artigo 621 bis.

1. Nos delitos contra a Facenda pública, cando a Administración tributaria ditase un acto de liquidación, a existencia do procedemento penal non paralizará a actuación administrativa e poderán iniciarse as actuacións dirixidas ao cobramento salvo que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acordase a suspensión das actuacións de execución conforme o disposto no artigo 305.5 do Código penal.

2. Unha vez solicitada a suspensión da execución do acto de liquidación, o xuíz ou tribunal, logo de audiencia polo prazo de dez días ao Ministerio Fiscal e á Administración prexudicada, resolverá mediante auto, no prazo de dez días, se accede á suspensión solicitada, caso en que deberá fixar o alcance da garantía que se deba prestar e o prazo para facelo que, en ningún caso, excederá os dous meses, salvo que concorran as circunstancias sinaladas no punto 6.

3. A garantía así prestada deberá cubrir suficientemente o importe resultante da liquidación administrativa practicada, os xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que procederían en caso da súa execución.

4. O auto de concesión da suspensión quedará sen efecto de forma automática e sen necesidade de pronunciamento xudicial ulterior se, transcorrido o prazo sinalado no punto 2 para a formalización da garantía, esta non tivese lugar.

5. A suspensión só afectará o procedemento seguido fronte ao encausado respecto do cal se acordase e as actuacións de cobramento dirixidas fronte ao resto de encausados non se paralizarán até que a débeda resulte pagada ou garantida na súa totalidade polo obrigado tributario.

6. Se non se puidese prestar garantía en todo ou en parte, excepcionalmente o xuíz poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías se aprecia que a execución pode ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación.

7. Contra os autos que resolvan a solicitude de suspensión do acto de liquidación caberá recurso de apelación, nun só efecto.

Artigo 621 ter.

1. A suspensión producirá efectos desde que, ditado o auto a que se refire o artigo anterior, resulte constituída debidamente a garantía correspondente conforme o disposto no artigo anterior, caso en que se entenderán retrotraídos os seus efectos ao momento da súa solicitude, sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes deste artigo.

2. Se, como consecuencia das actuacións desenvolvidas pola Administración, resultasen embargados bens ou dereitos do encausado con anterioridade á data do auto polo cal se acorde a suspensión, tales embargos manterán a súa eficacia durante o prazo concedido ao dito encausado para formalizar a garantía que cubra as cantidades a que se refire o punto 3 do artigo anterior ou, de ser o caso, as que lle resulten exixibles a el.

En todo caso, o Ministerio Fiscal ou a Administración prexudicada poderán solicitar ao tribunal que se constituán como garantía para efectos da suspensión os embargos xa realizados ou dereitos reais que se poidan constituír sobre os bens afectados por eles, de considerarse que tales bens garanten de forma máis adecuada o cobramento que as garantías ofrecidas polo encausado. Particularmente, poderá facerse tal solicitude cando a suspensión se solicitase con dispensa total ou parcial de garantías.

No suposto en que se acordase a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías, manterán a súa eficacia os ingresos realizados que minorasen as contías debidas, sen que estes resulten afectados pola retroacción a que se refire o punto 1 do presente artigo.

3. A Administración non poderá allear os bens e dereitos embargados no curso do procedemento de constrinximento até que a sentenza condenatoria que confirme total ou parcialmente a liquidación sexa firme, salvo nos supostos que a continuación se indican, en que o Tribunal deberá autorizar o alleamento.

- a) Cando sexan prececediros.
- b) Se o seu propietario os abandona ou, debidamente requirido sobre o destino do efecto xudicial, non fai manifestación ningunha.
- c) De ser os gastos de conservación e depósito superiores ao valor do obxecto en si.
- d) Cando a súa conservación poida resultar perigosa para a saúde ou seguridade pública.
- e) Se se depreciaren polo transcurso do tempo, mesmo cando non sufran deterioración.

Non serán susceptibles de alleamento os efectos que teñan o carácter de pezas de convicción e os que deban quedar a expensas do procedemento, salvo que se encontren comprendidos nos supostos a) e c) anteriores.

4. Unha vez acordada a suspensión, con ou sen garantía, poderá ser modificada ou revogada durante o curso do proceso se cambian as circunstancias en virtude das cales se adoptou.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 999, coa seguinte redacción:

«Artigo 999.

1. Na execución de sentenzas por delitos contra a Facenda pública, a desconformidade do obrigado ao pagamento coas modificacións que consonte o previsto na Lei xeral tributaria leve a cabo a Administración pública poráselle de manifesto ao tribunal competente para a execución, no prazo de 30 días desde a

súa notificación que, logo de audiencia da Administración executante e do Ministerio Fiscal por idéntico prazo, resolverá mediante auto se a modificación practicada é conforme co declarado en sentenza ou se se afastou dela, caso en que indicará con claridade os termos en que se teña que modificar a liquidación.

2. Contra o auto que resolva este incidente caberá recurso de apelación nun só efecto ou, de ser o caso, o correspondente de súplica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Responsabilidade civil.*

Nos procedementos por delito de contrabando a responsabilidade civil comprenderá a totalidade da débeda tributaria non ingresada que a Administración tributaria non puidese liquidar por prescrición ou por algunha das causas previstas no artigo 251.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, incluídos os seus xuros de demora.

Cando se poida practicar a liquidación da débeda tributaria, observaranse as regras contidas na disposición adicional cuarta desta lei.

Respecto da débeda alfandegueira observarase, así mesmo, o previsto na citada disposición adicional cuarta.»

Dous. Modifícase o punto 2 e introdúcense os novos puntos 3, 4 e 5 no artigo 11, coa seguinte redacción:

«2. As infraccións administrativas de contrabando previstas no punto anterior deste artigo clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto delas, conforme as contías seguintes:

a) Leves: inferior a 37.500 euros; ou, se se trata de supostos previstos no artigo 2.2 da presente lei, inferior a 6.000 euros, salvo cando se trate de elaborados de tabaco, que será inferior a 1.000 euros.

b) Graves: entre os importes, ambos incluídos, de 37.500 euros a 112.500 euros; ou, se se trata de supostos previstos no artigo 2.2 da presente lei, de 6.000 euros a 18.000 euros, salvo cando se trate de elaborados de tabaco, que será de 1.000 euros a 6.000 euros

c) Moi graves: superior a 112.500 euros; ou, se se trata de supostos previstos no artigo 2.2 da presente lei, superior a 18.000 euros, salvo que se trate de elaborados de tabaco, que será superior a 6.000 euros.

3. Tamén incorrerán en infracción administrativa de contrabando as persoas que procedan:

a) Á rotura do precinto das máquinas expendedoras de tabaco cando estas fosen obxecto dunha medida das previstas no artigo 14 da presente lei.

b) Á rotura de precintos no caso de peche de establecementos ou á realización de actividades no establecemento durante o tempo acordado de peche ou ao quebrantamento da suspensión do exercicio da actividade obxecto do contrabando.

4. Terán a consideración de infracción administrativa de contrabando a resistencia, negativa ou obstrución prevista no artigo 12bis.1.b) cando non se apliquen como criterio de graduación da sanción de contrabando.

Para estes efectos, constitúe resistencia, obstrución, escusa ou negativa as seguintes condutas da persoa investigada, do presunto infractor ou da persoa sancionada:

- a) Non facilitar o exame da documentación xustificativa dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos e as actividades obxecto da investigación de contrabando ou da documentación necesaria para a tramitación do expediente sancionador de contrabando.
- b) Non atender algún requirimento debidamente notificado.
- c) A incomparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e tempo que se sinalase.
- d) Negar ou impedir indebidamente a entrada ou a permanencia en predios ou locais ás autoridades, funcionarios ou forzas ou o recoñecemento de medios de transporte, locais, máquinas, instalacións e explotacións relacionados coa investigación do contrabando, a tramitación do expediente ou a execución da sanción de peche de establecemento ou suspensión do exercicio da actividade.
- e) As coaccións ás autoridades, funcionarios e forzas no exercicio das funcións previstas nesta lei.
- f) Calquera outra actuación do presunto infractor ou da persoa obxecto da investigación de contrabando tendente a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións.

5. As infraccións previstas nos puntos 3 e 4 serán:

- a) Infraccións moi graves, as condutas previstas no punto 3 deste artigo.
- b) Infraccións graves, as condutas previstas nas letras d) e e) do punto 4 deste artigo.
- c) Infraccións leves, o resto das condutas previstas no punto 4 deste artigo.»

Tres. Modifícase o artigo 12, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 12. *Sancións.*

1. Os responsables das infraccións administrativas de contrabando serán sancionados con multa pecuniaria proporcional ao valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto delas, sen prexuízo do establecido nos demais puntos do presente artigo.

As porcentaxes aplicables a cada clase de infracción estarán comprendidas entre os límites que se indican a continuación:

- a) Leves: o 100 e o 150 %.
- b) Graves: o 150 e o 250 %.
- c) Moi graves: o 250 e o 350 %.

O importe mínimo da multa será, en todo caso, de 500 euros.

2. Os responsables das infraccións administrativas de contrabando relativas aos bens incluídos no artigo 2.2 desta lei serán sancionados do seguinte modo:

- a) Con multa pecuniaria proporcional ao valor das mercadorías.

As porcentaxes aplicables a cada clase de infracción estarán comprendidas entre os límites que se indican a continuación:

- 1.º Leves: o 200 e o 225 %, salvo que se trate de elaborados de tabaco, en que os límites serán o 200 e o 300 %.
- 2.º Graves: o 225 e o 275 %, salvo que se trate de elaborados de tabaco, en que os límites serán o 300 e o 450 %.
- 3.º Moi graves: o 275 e o 350 %, salvo que se trate de elaborados de tabaco, en que os límites serán o 450 e o 600 %.

O importe mínimo da multa será de 1.000 euros, salvo en elaborados de tabaco, que será de 2.000 euros.

b) Co peche do establecemento ou a suspensión do exercicio da actividade.

Cando se trate de elaborados de tabaco, imporase a sanción de peche dos establecementos dos cales os infractores sexan titulares. O peche poderá ser temporal ou, cando se trate de infraccións moi graves e exista reiteración, definitivo. Para estes efectos, considerarase que existe reiteración cando no prazo dos cinco anos anteriores á comisión dunha infracción cualificada como moi grave, o suxeito infractor fose condenado por delito de contrabando ou sancionado por infracción administrativa moi grave en materia de contrabando en, ao menos, dúas ocasións, en virtude de sentenzas ou resolucións administrativas firmes.

Cando non se trate de elaborados de tabaco, a sanción poderá consistir no peche temporal do establecemento ou, se as actividades obxecto do contrabando son as de importación ou exportación, na suspensión temporal do exercicio da actividade cos xéneros obxecto de contrabando. O peche, de ser o caso, afectará o establecemento en que se desenvolve a actividade de almacenamento, comercialización ou fabricación dos xéneros obxecto de contrabando. Cando exista separación entre lugares destinados ao almacenamento, á venda ou fabricación dos bens obxecto de contrabando e os que corresponden ao resto de bens, o peche limitarase aos espazos afectados.

Para cada clase de infracción, o peche temporal ou a suspensión do exercicio das actividades obxecto de contrabando terá unha duración comprendida entre os seguintes límites inferior e superior, respectivamente:

1.º) Leves: cando se trate de elaborados de tabaco, entre sete días e seis meses.

2.º) Graves: cando se trate de elaborados de tabaco, entre seis meses e un día, e doce meses; no resto dos supostos previstos no artigo 2.2 desta lei, entre catro días e seis meses.

3.º) Moi graves: cando se trate de elaborados de tabaco, entre doce meses e un día e vinte e catro meses; no resto dos supostos previstos no artigo 2.2 desta lei, entre seis meses e un día e doce meses.

3. No suposto da infracción prevista no artigo 11.3 desta lei, os responsables da infracción serán sancionados:

a) Co dobre do importe da sanción pecuniaria acordada no expediente sancionador en que se decretaba o peche do establecemento ou a suspensión do exercicio da actividade.

b) Con sanción adicional:

1.º) Con peche de establecemento, cando se trate de rotura de precinto sen proba de que neste se desenvolva actividade económica, por un período adicional igual ao acordado na sanción quebrantada. Cando se probe o desenvolvemento de actividade económica no establecemento, o período adicional será igual ao dobre do acordado na sanción quebrantada.

2.º) No suposto de quebrantar a sanción de suspensión do exercicio da actividade obxecto do contrabando, cunha sanción de igual ao dobre do período temporal da sanción quebrantada.

4. No suposto da infracción de resistencia prevista no artigo 11.4 desta lei, os responsables da infracción serán sancionados con multa pecuniaria de:

a) Leves: 1.000 euros.

b) Graves: 3.000 euros, salvo no suposto previsto no artigo 11.4.e) desta lei, que a sanción será de 5.000 euros, cando non teña a consideración de delito.

5. Cada sanción de peche ou suspensión do exercicio da actividade cumprirase de forma ininterrompida.»

Catro. Modifícase o punto 1 do artigo 14 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Se os órganos da Administración alfandegueira da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no curso dun procedemento administrativo, consideran que unha conduta pode ser constitutiva de delito de contrabando, pasarán o tanto de culpa á xurisdición competente ou remitirán o expediente ao Ministerio Fiscal, e absteranse de seguir o procedemento administrativo sancionador, que quedará suspendido mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivamento das actuacións, ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

A sentenza condenatoria impedirá a imposición de sanción por infracción administrativa de contrabando.

De non se ter apreciado na sentenza a existencia de delito, a Administración alfandegueira continuará as súas actuacións sancionadoras de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados e restablecerase o cómputo do prazo de prescrición no punto en que estaba cando se suspendeu. As actuacións administrativas sancionadoras realizadas durante o período de suspensión consideraranse inexistentes.»

Cinco. Introdúcese unha nova disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Liquidación da débeda alfandegueira e tributaria en relación cos delitos de contrabando e medidas cautelares e competencias de investigación patrimonial en tales delitos.*

1. A liquidación da débeda tributaria, cando se poida practicar por non concorrer causa que o impida de conformidade co establecido no artigo 4 desta lei, suxeitarase ás regras do procedemento administrativo que se inicie ou se iniciase para a súa práctica e poderá procederse á súa execución polo procedemento administrativo de constrinximento. A liquidación e os actos de xestión recadatoria poderán impugnarse en vía administrativa e contencioso-administrativa conforme as regras xerais.

A liquidación terá a consideración de provisional e a Administración procederá á súa anulación cando os feitos declarados na resolución que poña fin ao procedemento penal determinen a inexistencia do feito imponible.

Cando os feitos indicados no parágrafo anterior determinen a modificación da liquidación practicada, subsistirá o acto inicial, que será rectificado de acordo con eles, sen que se vexa afectada a validez das actuacións recadatorias realizadas respecto da contía non afectada por aqueles.

2. O pase do tanto de culpa á xurisdición competente ou a remisión do expediente ao Ministerio Fiscal non impedirá que se practique a liquidación da débeda alfandegueira e que se leve a efecto a súa recadación polo procedemento de constrinximento, con suxeición ás seguintes regras:

a) A liquidación poderase practicar e notificar dentro do prazo de prescrición do delito de contrabando cando a Administración proceda ou procedese a denunciar os feitos e teña á súa disposición todos os elementos necesarios para a práctica da dita liquidación.

b) Cando a Administración non dispoña de todos os elementos necesarios para practicar a liquidación, ou esta poida prexudicar de calquera forma a investigación ou comprobación da defraudación, o prazo será de tres anos contados desde que se notificase a resolución xudicial firme que poña fin ao procedemento penal, ou desde o momento en que a autoridade xudicial incoe a causa sen segredo para as partes.

c) As liquidacións e os actos de xestión recadatoria suxeitaranse ás normas do procedemento administrativo aplicable e serán impugnables en vía administrativa e contencioso-administrativa conforme o previsto nas ditas normas.

d) As liquidacións que se practiquen antes de que se ditase resolución firme no procedemento penal terán o carácter de provisionais e serán anuladas pola Administración cando os feitos declarados probados sexan determinantes da inexistencia do feito imposable.

Cando os feitos indicados no parágrafo anterior determinen a modificación da liquidación practicada, subsistirá o acto inicial, que será rectificado de acordo con eles, sen que se vexa afectada a validez das actuacións recadatorias realizadas respecto da contía non afectada por aqueles.

3. Aplicaranse ao delito de contrabando as previsións contidas no artigo 81.8 e na disposición adicional décimo novena da Lei 58/2003, do 17 de novembro, xeral tributaria.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

Un. Introdúcese unha nova disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Incidencia das competencias da Unión Europea no proceso contencioso-administrativo tributario.*

1. De conformidade co disposto no artigo 1 desta lei, cando o recurso contencioso-administrativo teña por obxecto un acto administrativo que, relativo a unha débeda alfandegueira, estea vinculado a unha decisión adoptada polas institucións da Unión Europea, a revisión non se poderá estender ao contido da dita decisión.

De non proceder a anulación do acto administrativo impugnado con base no resto de alegacións do demandante, no suposto de que a normativa da Unión Europea faga depender a non contracción a posteriori, a condonación ou a devolución da débeda alfandegueira dunha decisión da Comisión Europea, e o acto obxecto de recurso fose ditado sen someter a dita cuestión á Comisión, o órgano xurisdiccional deberá pronunciarse sobre se, conforme o disposto na normativa da Unión Europea, procede tal sometemento. Se o órgano xurisdiccional entende que o dito sometemento é procedente, suspenderá o procedemento e instará a Administración tributaria para que someta o asunto á Comisión no prazo máximo de dous meses.

2. Cando o acto relativo á liquidación dunha débeda alfandegueira obxecto de recurso fose sometido a unha decisión das institucións da Unión Europea que se teña que pronunciar sobre a non contracción a posteriori, a devolución ou a condonación da dita débeda, suspenderase o curso dos autos desde que esa circunstancia se poña en coñecemento do órgano xurisdiccional e até que sexa firme a resolución adoptada polas ditas institucións.

Igualmente, procederá a suspensión do curso dos autos desde que se inicie o procedemento amigable en materia de imposición directa a que se refire a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, até que finalice o dito procedemento amigable.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Delitos contra a Facenda pública.*

De conformidade co disposto no artigo 3.a) desta lei, non corresponde á orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecer das pretensións que se deduzan

respecto das actuacións tributarias vinculadas a delitos contra a Facenda pública que se diten ao abeiro do título VI da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo o previsto nos seus artigos 256 e 258.3.

Unha vez iniciado o correspondente proceso penal por delito contra a Facenda pública, tampouco corresponderá á orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecer das pretensións que se deduzan respecto das medidas cautelares adoptadas ao abeiro do artigo 81 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 23/2005, do 18 de novembro, de reformas en materia tributaria para o impulso á produtividade.*

Modifícase o punto 5 da disposición adicional terceira da Lei 23/2005, do 18 de novembro, de reformas en materia tributaria para o impulso á produtividade, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Considerarase período de suspensión do cómputo do prazo do procedemento inspector, para efectos do disposto no punto 2 do artigo 104 da Lei xeral tributaria, o tempo que transcorra entre a comunicación efectuada pola Administración tributaria e a recepción por esta do pronunciamento ou acordo da Comisión, ou o prazo de seis meses a que alude o punto 3 anterior, de non se recibiren aqueles nese termo. Se a execución do acordo da Comisión resulta suspendida, o período de suspensión do cómputo do prazo do procedemento inspector abranguerá até a finalización da suspensión do acordo.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude:

Un. Modifícase o punto un.5 do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Esta limitación non resultará aplicable aos pagamentos e ingresos realizados en entidades de crédito nin, cando estean suxeitos á supervisión do Banco de España e á normativa de blanqueo de capitais, ás operacións de cambio de moeda en efectivo realizadas polos establecementos de cambio de moeda a que se refire o Real decreto 2660/1998, do 14 de decembro, sobre o cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público distintos das entidades de crédito e ás operacións a que se refire este artigo realizadas a través das entidades de pagamento reguladas na Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.»

Dous. Modifícase o punto tres.1 do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O procedemento sancionador rexerese polo disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Non obstante o anterior, o réxime das notificacións nos ditos procedementos será o previsto na sección 3.^a do capítulo II do título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Disposición derradeira sexta. *Modificacións na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Derrógase a letra f) do punto 2 do artigo 18, e as letras g), h) e i) pasan a denominarse respectivamente f), g) e h).

Dous. Modifícase o punto 5 do artigo 26, que queda redactado da seguinte forma:

«5. O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das bases impositivas negativas compensadas ou pendentes de compensación prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa compensación.

Transcorrido o dito prazo, o contribuínte deberá acreditar as bases impositivas negativas cuxa compensación pretenda mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e a contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.»

Tres. Modifícase o punto 7 do artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«7. O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das deducións por dobre imposición aplicadas ou pendentes de aplicar prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar as deducións cuxa aplicación pretenda, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e a contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.»

Catro. Modifícase o punto 8 do artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«8. O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das deducións por dobre imposición aplicadas ou pendentes de aplicar prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar as deducións cuxa aplicación pretenda, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e a contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.»

Cinco. Modifícase o punto 6 do artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«6. O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das deducións previstas neste capítulo aplicadas ou pendentes de aplicar prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar as deducións cuxa aplicación pretenda, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e a contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.»

Seis. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 50, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As entidades de capital risco, reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, estarán exentas no 99 por cento das rendas positivas que obteñan na transmisión de valores representativos da participación no capital ou en fondos propios das entidades de capital risco a que se refire o artigo 3 da Lei 22/2014, en relación con aquelas rendas que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei, sempre que a transmisión se produza a partir do inicio do segundo ano de tenza computado desde o momento de adquisición ou da exclusión de cotización e até o décimo quinto, inclusive.

Excepcionalmente, poderá admitirse unha ampliación deste último prazo, até o vixésimo ano, inclusive. Determinaranse regulamentariamente os supostos, as condicións e os requisitos que habilitan para a dita ampliación.

Con excepción do suposto previsto no parágrafo anterior, non se aplicará a exención no primeiro ano e a partir do décimo quinto.

Non obstante, tratándose de rendas que se obteñan na transmisión de valores representativos da participación no capital ou en fondos propios das empresas a que se refire a letra a) do punto 2 do artigo 9 da Lei 22/2014 que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei, a aplicación da exención quedará condicionada a que, ao menos, os inmobles que representen o 85 por cento do valor contable total dos inmobles da entidade participada estean afectos, ininterrompidamente durante o tempo de tenza dos valores, ao desenvolvemento dunha actividade económica nos termos previstos no imposto sobre a renda das persoas físicas, distinta da financeira, tal e como se define na Lei 22/2014.

No caso de que a entidade participada acceda á cotización nun mercado de valores regulado, a aplicación da exención prevista nos parágrafos anteriores quedará condicionada a que a entidade de capital risco transmita a súa participación no capital da empresa participada nun prazo non superior a tres anos, contados desde a data en que se producise a admisión a cotización desta última.

2. As entidades de capital risco, reguladas na Lei 22/2014, poderán aplicar a exención prevista no artigo 21.1 desta lei aos dividendos e participacións en beneficios procedentes das sociedades ou entidades que promovan ou fomenten, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións.»

Sete. Modifícanse os puntos un e dous do ordinal terceiro da disposición derradeira cuarta, que quedan redactados da seguinte forma:

«Un. Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Compensación de cotas negativas.*

1. Se a suma alxébrica a que se refire o artigo anterior resulta negativa, o seu importe poderao compensar a cooperativa coas cotas íntegras positivas dos períodos impositivos seguintes, co límite do 70 por cento da cota íntegra previa á súa compensación. En todo caso, serán compensables no período impositivo cotas íntegras polo importe que resulte de multiplicar un millón de euros ao tipo medio de gravame da entidade.

O dereito da Administración para iniciar o procedemento de comprobación das cotas negativas compensadas ou pendentes de compensación prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar as cotas negativas cuxa compensación pretenda, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e a contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

2. Este procedemento substitúe a compensación de bases impositivas negativas prevista no artigo 26 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades que, en consecuencia, non será aplicable ás cooperativas.»»

«Dous. Engádesse a disposición transitoria oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria oitava. *Compensación de cotas negativas nos anos 2015 e 2016.*

1. O límite a que se refire o punto 1 do artigo 24 desta lei non resultará de aplicación nos períodos impositivos que se inicien no ano 2015.

Non obstante, a compensación de cotas negativas de exercicios anteriores para os contribuíntes cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015, terá os seguintes límites:

– A compensación de cotas negativas está limitada ao 50 por cento da cota íntegra previa á dita compensación, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– A compensación de cotas negativas está limitada ao 25 por cento da cota íntegra previa á dita compensación, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 60 millóns de euros.

A limitación á compensación de cotas negativas non resultará de aplicación no importe das rendas correspondentes a quitacións e esperas consecuencias dun acordo cos acredores non vinculados co contribuínte.

2. O límite a que se refire o punto 1 do artigo 24 desta lei será do 60 por cento para os períodos impositivos que se inicien no ano 2016.»»

Disposición derradeira sétima. *Creación da taxa estatal pola prestación de servizos de resposta pola Garda Civil, no interior das centrais nucleares ou doutras instalacións nucleares.*

1. Créase crea a taxa estatal pola prestación de servizos de resposta pola Garda Civil, no interior das centrais nucleares ou doutras instalacións nucleares que se determinen por lei. Esta taxa rexerese por esta norma, polo disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e na Lei xeral tributaria. Esta taxa aplicarase en todo o territorio nacional ás centrais nucleares e ás instalacións nucleares que así se estableza.

2. Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación de servizos de seguridade permanentes pola Garda Civil, no interior das centrais nucleares ou doutras instalacións que se determinen, mediante o establecemento dunha unidade da Garda Civil, situada con carácter permanente no seu interior.

3. Devindicación.

A taxa devindicarase anualmente o primeiro de xaneiro de cada ano ou cando se inicie a prestación do servizo polo período do ano que abarque.

4. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares das instalacións obrigadas a dispoñer das unidades de resposta da Garda Civil.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria da taxa os propietarios das instalacións nucleares que xeren o feito impositivo cando non coincidan con aqueles que as exploten.

5. Base impositiva, tipo de gravame e cota tributaria.

A base impositiva determinarase atendendo ao número de axentes asignados a cada central ou instalación. Aplicarase un tipo de gravame fixo para obter a cota tributaria, de acordo coa seguinte tarifa:

Por cada axente asignado para o período dun ano: 61.053 €.

No caso de que o período de prestación do servizo fose menor dun ano, calcularase a cota de modo proporcional para os meses que correspondan. Estas contías poderán ser modificadas e actualizadas por orde do Ministerio de Interior logo de informe favorable da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En todo caso, transcorrido o período de implantación das unidades de resposta, as contías deberán ser revisadas co obxecto de facer fronte exclusivamente aos gastos de mantemento das citadas unidades.

6. Xestión e liquidación.

A xestión da taxa corresponderá ao Ministerio do Interior.

O procedemento para a liquidación, os modelos de declaración, os prazos e as formas de pagamento da taxa estableceráos o Ministerio do Interior mediante orde ministerial.

Establécese a obriga de autoliquidar esta taxa por parte dos seus suxeitos pasivos, que deberán consignar os datos do modelo de declaración liquidación que se aprobe por orde ministerial. O pagamento deberá efectuarse no primeiro trimestre de cada ano. No caso de ser o primeiro exercicio de existencia da taxa, durante os tres meses seguintes á devindicación da taxa.

Disposición derradeira oitava. *Limitación do gasto na Administración xeral do Estado.*

As medidas incorporadas nesta lei implementaranse sen incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias do Estado establecidas no artigo 149.1. 1.^a, 3.^a, 8.^a, 10.^a, 14.^a e 18.^a da Constitución.

As disposicións derradeiras primeira e terceira dítanse ao abeiro das competencias do Estado establecidas no artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira décima. *Modelo para a regularización voluntaria de débedas vinculadas a posibles delitos contra a Facenda pública.*

Por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas aprobaranse os modelos para a regularización voluntaria da débeda tributaria a que se refire o artigo 252 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira décimo primeira. *Habilitación normativa.*

O Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante o anterior, establécense as seguintes normas específicas de entrada en vigor:

1. As modificacións introducidas no artigo 29 e no artigo 200 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

2. Os puntos dous e tres da disposición derradeira segunda entrarán en vigor aos tres meses da publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY